

ACADEMIA GALLEGA DE JURISPRUDENCIA Y LEGISLACION

IDEARIO POLITICO-SOCIAL E PENITENCIARIO
DE
DON RAMON DE LA SAGRA

Discurso leído el día 2 de abril de 1976, en la
solemne sesión de ingreso del Académico de Número

ILTMO. SEÑOR
DON RAMON CARBALLAL PERNAS

y contestación del
ILTMO. SEÑOR
DON ANTONIO FERNANDEZ RODRIGUEZ



LA CORUÑA
1976

DEPOSITO LEGAL C. 34-1976
GRAFICAS VENUS - CORUÑA

I

DISCURSO
DEL ILMO. SEÑOR
DON RAMON CARBALLAL PERNAS

O meu agradecemento ao Bibliotecario da Real Academia Galega, don Xohan Naya Pérez, e ao Porteiro da mesma, don Xesús Sánchez Gómez, pola axuda que prestáronme para acadar datos. Sentimento do que faigo eispresión, tamén, á Real Academia Galega, ao permitirme ser usufructuario da sua Biblioteca e poder manexar os libros de don Ramón de La Sagra, e que tanto servíronme para facer este Discurso de Ingreso na Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación. Derradeiramente ao Oficial do Colexio Provincial de Abogados da Cruña, don Marcial Rico García, que brindóuse para a mellor confección material do texto.

R. CARBALLAL

Señores Académicos:

Excelencias:

Donas e Señores:

Han de ser as miñas primeiras verbas, de afervoado e sinxelo recordo, de acordanza, do mestre e amigo, ao que veño a sustituir nesta Corporación. Quixo a Providencia e máis a bondade e xentileza dos Señores Académicos, que o sillón que correspondéu e ocupou en vida o Excelentísimo Señor Don Evaristo Mouzo Vázquez, viñera a recair en mí. Facer unha sembranza dese home intelixente, fidalgo e bó, é coma querer acogular tódalas virtudes humáns. Foi un grande estudoso do Dereito e a il consagróu a sua vocación con adicación ausoluta e polo camiño, sempre cariñoso e cheo de rigoridade, que supoña o servicio á Xusticia. Abonda decir que o Xuez, que o Maxistrado, haberán de estar acima ou enriba de tódalas tentacións; da tentación da sua autoridade, da tentación da sua soedade, da tentación da sua incomprendisión, da tentación de escesiva veniñidade, do desleixo, de esmorecer... Evaristo Mouzo soupo sobranceiramente impor intelixencia e vontade sober de istas tentacións, e por elo foi Xuez e Maxistrado exemplar, que destacou, de maneira certa, nos Dereitos Civil, Procesal e Ademanistrativo. Deixou a impronta, o selo, da sua persoalidade nos Xuzgados e Audencias onde serviu has-

tra chegar ao máis outo cárrego da Carreira Xudicial, ao ser designado Maxistrado do Tribunal Supremo de Xusticia. Vélahí, que sintame, agora, dobrente obligado na miña responsabilidade, coma Maxistrado e coma membro recién nado da Academia Gallega de Xurisprudencia e Lexislación e trataréi, de facer bóa, si o anceio e as forzas non fállanme, a laboura que correspón dame, pois que penso, que, soio así, poderéi arredar admiración e homenaxe a tan esgrevio xurista. Si con elo cumpro, coido, tamén, que seréi merecente de aspirar a recoller o seu exemplo.

I.—XUSTIFICACION DO TEMA ESCOLLEITO.

As vegadas, có correr do tempo, váise esvaíndo a obra imperecediera de homes que fixeron da sua vida unha inquidenza total, sin trégola, coma si fora unha enxurrada que abre ou quer abrir camiños de irmandade e de paz para tódolos demais; homes, sempre desabesos, empuxados polo lume duns ideales que rexen a sua esistencia, capaces de apalpar nun intre, as estrelas imposíbeis e lonxanas da verdade e do amor aós próximos; homes endexamáis xunguidos pola cobiza do poder, nin pola envexa nin pola chufa dos outros ou a admiración, xa que eles non buscan outra groria ca de alcontrar acougo para a sociedade, para un mellor destiño dos homes e dos pobos da Terra. Sempre percurando matinar solucións, sempre inquirindo na natureza das persoas e das relacións humáns, sempre inquedos pola busca da esencia das cousas. Estes homes que teñen coñecementos cásique universais, adiántanse ao porvir e mesmamente adiviñan o desenrollo da Historia, no que ten de contido político e socio-económico. Eles non souspeitan a sua grandeza anque señañan anovadores ou tencionen selo daquello que supoña erguer á humanidade. Emporeso, tiveron que loitar e sofrir a xenreira, hasta os aldraxes dos seus compatrianos, que non quixeron ou non poideron enterarse dun mensaxe que dábaselles sin premio algúun. Estes homes, entón, fan coma as aguias, moven as azas podentes e voan cara novos horizontes, pescudando sempre, infati-

gábeles, sinceiros, valentes, sin deixarse levar polo abatemento, ou pola adversidade e poden decir coma o poeta ó remate da vida, que «Deus os acolla por ir cangados de tanto bregar».

Un destos homes, ao que non se lle ten dado o mérito do que é merecente, foi Ramón de La Sagra. Biólogo, estudante de Mediciña, filósofo, economista, político, sociólogo e penitenciaria, que de todas estas Cencias foi proclamado mestre no seu tempo, de tal maneira, ca sua fama resprandecéu en tódolos más doutos Centros de Cultura da Europa e rindíronlle afervoados homaxes en Norteamérica, Francia, Inglaterra, Bélgica e Holanda.

En España déronse a pubricidade algunas semellas biográficas de La Sagra das que son autores Joaquín Costa, Altamira, Cabeza de León, Bernardo Barreiro, Núñez de Arenas, Coumes Gay, «Azorín», Amor Meilán, Pazos y García, Antonio Docampo, Euxenio Carré Aldao e Manoel Casás Fernández, do que recollemos esta referencia (1), anque hasta agora non se ten feito unha investigación de conxunto da obra de Ramón de La Sagra; o traballo de Casás Fernández, é, sin dúbida, a máis compreta nova encol de La Sagra e supón unha síntesis moi ben artellada e moi traballada da vida e da obra do biografiado.

As razóns que lévanme, polo mesmo, a adicar este discurso, ao que chamo «Ideario político-social e penitenciario de Ramón de La Sagra», aséntanse nun fondo sentimento de admiración e, tamén, a que é necesario, ou cando menos conveñente, que se coñeza a quenes habendo nado en Galicia, neste caso na Cruña, permañecen nun certo esquecemento cecáis por desconecemento xeneral, cecáis por haber tido a nemiga da maoría dos seus contemporáneos, que sempre alcontran os espíritos independentes. Sei con certeza, cunha Academia Galega, coma esta de Xurisprudencia e Lexislación, ten empeño en seguir unha liña achedada a tradición coma basamento do progreso, na que é pear, recoller os estudos de quenes sirviron á sociedade polos vieiros do Dereito. La Sagra non foi, certamente, un xurista na toda extensión do concepto, máis coma imos ver, tivo unha visión xurídica con respecto a unha chea de probremas que atinguen, de unha banda, ás relacións do cidadán cos poderes púbricos, na que distere nidiamente antre autoridade e poder, e de outra banda,

(1) M. Casás Fernández. «Un Gallego Ilustre Don Ramón de la Sagra». Boletín de la Real Academia Gallega. Año XL. Tomo XXIV. Números 281-284 Junio de 1945. La Coruña. Lit. e Imprenta Roel.

das condicións sociales para o mellor desenvolvemento do seu ser, para sua reforma e reintegro a comunidade, tendo en conta a individualidade de cada ún, seguindo as doutrinas progresistas do século XIX na sua primeira mitade. La Sagra pola sua formación científica, xa que tiña unha grande preparación médica e filosófica, non iñoraba que o tratamento de cada home para reconducilo e insertálo novamente na sociedade, habería de facerse según a propia persoalidade. Somentes así, poderáse alcontrar remedio escontra do mal. Esiste, ademais, no pensamento de La Sagra un latexo cristián que envolve de amor, de caridade, tódalas solucións que plantexa e resolve.

Ainda atopamos outra faceta xurídica no ideario de La Sagra, cando pretende a reforma do sistema de tributación por sucesión herdeiritaria. Aséntase o mesmo, encol de duas razóns de xusticia distributiva, cales son, o grado de parentesco e a posibilidade de reconstituir a propiedade, orgañizando a que ten natureza colectiva, xa que a facenda púbrica debe contribuire a elo. Eiquí, radica un dos problemas mais debatidos hoxe no Dereito Civil, sobor do contido e da función do dereito de propiedade.

Có dito, abonda, para xustificarme. O paso do tempo amosa a Ramón de La Sagra mais rente de nos e moitas das suas proposicións permañecen valedeiras, que tanto quer decir, coma que alcanzou o coroa dos inmorrentes.

II.—A FIGURA HUMAN. O HOME.

Denantes reflexábamos en pequenas pinceladas, ao menos intentábamolo, unha introspección do home, da figura humán de La Sagra. Quixéramos agora ter a sensibilidade percisa para adiñar a verdade do ser deste home, que non tivo repouso no seu debezo de traballar decote, na arela da sua insatisfeita intelixencia. Sempre galistrando, viaxeiro sempre, sin relevar esforzos. O seu retrato sicolóxico poidérase resumir nelo.

Don Ramón de La Sagra nacéu na Cruña e foi bautizado na parroquial de San Nicolás o 8 de abril de 1798 (Libro de bautizados dende 26 de novembro de 1788 a 29 de setembro de 1798, fol. 384 volto). Na partida de nacemento dise que é fillo de Don Lorenzo Sagra e Doña Antonia Pérez, sendo o seu nome, o de Ramón Sagra i Pérez, más, o propio Don Ramón, usou o de Ramón de La Sagra.

Nada sabemos da sua infancia e pouco dos seus proxenitores, a non ser que tiñan unha acomodada posición económica. Na mocedade vémolo de estudiante en Santiago de Compostela, onde na Universidade a sua primeira e más forte vocación, encamiñase polos estudos das Cencias. Xa no ano 1815 é tido como alumno distinguido no Real Colexio de Farmacia de San Carlos, que inaugurouse nesa data; no 1817 estuda Matemáticas subrimes co profesor Domingo Fontán, que era o mellor cartógrafo de España; no curso 1817-1818 matricúlase no primeiro ano de Medi-

ciña e despóis adícase a estudar Física e Química e tamén Historia Natural. Endelí, sendo xa tidos en conta estes estudos, comenza a sua vida viaxeira e váise a Illa de Cuba, dándoselle o cárrego de director da Escola Botánica-Agrícola do Xardín Botánico de La Habana (2).

Conta La Sagra e recólleño os autores denantes nomeados, o que lle ocurriu nos comenzaos dos estudos universitarios, nos que se viú abourado e sancionado polo Santo Oficio, ao sere denunciado, no 1817, xuntamente con Casiano de Prado, por un compaño chamado Juan Varela Montes, que, pasado o tempo, foi médico e profesor da Universidade compostelán, máis a denuncia non prosperou por non haberse ratificado nela o que a fixo. Ao parecer, as loitas eran xenerales no País, antre os tradicionais e os liberales, o encono era forte. Desta loita foi órgao, na cibdá do Apostolo, un furibundo xornal, chamado «El Conservador», que durou pouco, e que, coma dí o propio La Sagra, nun dos seus «Artigos varios sobre as malas doctrinas», lexos de conservar, demoia, e mesmo estaba escrito con fel de dragóns. Xa diremos, coma La Sagra, ó chegar a unha edade de madurez cambiou de pensamento pola experiencia adequerida. O sucedo acabouse cunha adevertencia do farto prelado compostelán.

- (2) Vid. M. Casás Fernández. Traballo danantes citado, no que se recollen, entre outros: «Memoria histórica de los hombres célebres naturales de Galicia», por el doctor don Vicente de Turnes del Río Maldonado: 2.^a publicación corregida e aumentada. Ano 1853. «Apuntes biográfico-bibliográficos del ilustre coruñés don Ramón de La Sagra». Don Pazos García, traballo que está coa data de novembro de 1891 en Guernica e insertouse na «Gaceta de Galicia» de Santiago de Compostela, núm. correspondente ao 23 de Nadal do mesmo ano. «La Universidad de Santiago y don Ramón de La Sagra», folleto que débese a don Salvador Cabeza de León. Santiago 1919. «Noticias para su biografía», artigo do que é autor don Antonio do Campo, publicado en «Vida Gallega» de La Habana, Outubro do ano 1940. Tamén de citar o traballo do erudito investigador don Bernardo Barreiro, que pódese ver en «Galicia Diplomática». Dáse noticia no importante Traballo de Cásas Fernández desta bibliografía e ademais, encol da familia de La Sagra, dun irmán, chamado Xoaquín, nado na Cruña o 9 de Outubro de 1784, Eirexa de San Nicolás; no «Almanaque Gallego para 1906», publicado en Buenos Aires, dánse datos sober da sua axitada vida. Loitou pola independencia do Uruguay ao mando dun batallón nomeado «Unión» e afincou naquel país, onde foi representante na Asamblea Nacional; participou na sociedade secreta «Asociación Nacional» de defensa da cibdá de Montevideo, sendo quen dirixiu a «Hermanadad» e tamén o «Hospital de la Caridad»; mais adiante vémolo sendo membro da Cámara de Apelacións onde prestou moitos outros servicios a Nación Uruguaya. A sua sona foi reconecida ó tributárselle honras co galo da sua morte, acontecida no ano de 1851.

A laboura que fixo na Illa de Cuba foi esgotadora, coma demóstrase coa referencia que facemos, ao remate deste discurso, do índice das suas obras publicado recentemente na Habana, sendo, de todas elas, a «Historia física, política y natural de la isla de Cuba» a mais importante; son doce tomos que abranguen un estudo comprehensivo da temática que o tido anuncia e débese á iniciativa do autor. Inda pódese decir, deste libro, que ten unha certa vixencia e que, no intre, no que se fixo, haberá de dárselle o calificativo de insuperábele. La Sagra convírtese, neste xeito, no meirande historiador de Cuba no seu tempo. Emporeso, esta brillante e traballosa laboura non merecéu, senón, ca ingratitudde do Goberno, o que advírtese na tristura, na coitada de La Sagra (no exemplar dun dos tomos que co tido de «Miscelánea» conservase na Biblioteca da Real Academia Galega, dí en nota manuscrita, facendo referencia dos documentos relativos a publicación dende seu oríxen hasta o fin, con incrusión das Reales Ordens que condenan ao seu autor e mais á obra de maneira despiadada e cruel, ao termo da sua vida, en vez da estimación, xa que non do premio merecido polo improbo traballo, con alusión da exposición que fixo dirixida a Raiña no 16 de febreiro de 1857, ao sere destituido do cárrego de Direitor do Xardín Botánico da Habana, cramando contra da secura abafallante da Real Orden dictada, a tal ouxeto, no 12 de setembro de 1856, que supón un lixo para o seu ben gañado prestixio e declarara que tal lixo propónse borrálo por un meio dino: «prestando endelí a sua patria unha raiola inda máis numerosa de tarefas e servicios coma testemuña irrecusábeles de laboura e de perseverancia». Ten dita nota a data de agosto de 1868. París).

Permanece en Cuba hasta o ano de 1835 no que volta a España, no mes de abril, mais a sua natural inquidenza, tan propia díl, coma vimos repetindo, fai que o viaxe alónguese cunha prolongada visita aos Estados Unidos de Norteamérica, que leva a La Sagra ao coñecemento das máis principais institucións sociais, educativas e penitenciarias da dita Nación e que recollería no libro nomeado: «Cinco meses en los Estados Unidos de la América del Norte». Pubrícase en París no ano 1836. O estudo de La Sagra vai encamiñado á búsqueda de solucións para toda a grande probremática que supoñen non soio os cegos e xordomudos, doentes do corpo e da alma, senón tamén dos xóvenes delincuentes, dos probes, das mulleres de mala vida e, de maneira más ampra, dos que cumplen condena na cadea, facendo unha

crítica dos sistemas penitenciarios; é decir, en conxunto, o que quere alcontrar, é un camiño máis axeitado para todos estes marxinados da sociedade ao fin de reconducílos á mesma, e de que sexan acollidos sin receos. Non se pode esquencer a formación científica de La Sagra, que faille seguir unha metodoloxía experimental e polo mesmo inquire, compara e constata feitos e resultados. Non hai fachenda no que dí, somentes quer mellorar a condición deses fatos humáns marxinados, coma si o seu pensamento fora un sopro de bris puro, que despóis habería de ter influxo noutros penitenciaristas, coma logo abondaremos.

Péchase, coa volta a España, a primeira etapa da vida de La Sagra. O que realizou en Cuba, chegaría para ser tido por home ilustre, en tódolos campos da Cencia. Traballou sin desmaio no moral, cultural, na anovación da política colonial, na emancipación dos escravos e no seu cárrego oficial. Defendeu a España das empechas dos estranxeiros, recordándolle que foi a primeira en conceder, dende o ano de 1778, libertades comerciales as Colonias, cando tódolos Gobernos da Europa achábanse apregados ao sistema prohibitivo. Si alguén mostra insolencia, coma o asoñoso hispanófabo Masson, que perguntábase que se debe a España, contestalle con nobre orgullo: «Recordad a quien se debe el descubrimiento de un Nuevo Mundo, y pensad cuanto significaron las gloriosas Leyes de Indias proclamadas por España, la madre de múltiples naciones».

No mes de setembro de 1835, La Sagra afíncase en París, onde pasa longas temporadas, sin deixar de vir a España, de cando en vez. En Francia impréntanse moitas das obras de La Sagra. Representa a Galicia nas Cortes de 1838 a 1840, sendo de aseñar que vota contra da introdución da Lei Municipal francesa, por entender, que atenta aos principios das vellas institucións de España, intervñendo, tamén, de maneira moi especial nas discusións encol da ademanistración das provincias de ultramar; máis o seu espírito independente e non querer avencellarse a partido político algúun, fan que deixe a política activa e representativa. Nesta segunda etapa da sua vida, amóstrase coma incansábel autor, con adicación primeira aos estudos da Economía Política; tivo relacóns cos «sansimonianos», con Proudhon e co Barón de Colls, con Flores Estrada, con Donoso Cortés, o que refréxase nos traballos de La Sagra e ademáis tiña meirandes coñecementos sobor dos principios económicos que manteñen Saint-Simón, Fournier, Owen, Brisot, Thier, Marx i Engels, moi especialmente

o célebre Manifesto. Neste campo temos que destacar as «*Lecturas de Economía Social*», dadas o ano de 1840 no Ateneo de Madrid, do que foi un dos seus fundadores e onde habería de intervir moitas veces, sendo nesta materia o principal propagandista de Flores Estrada en España; «*Catálogo de escritores económicos españoles*» que abrangue a mención de obras e autores de Economía Política en xeneral, Ademinstación, Agricultura e Fomento público en particular, que é unha segunda edición, moi ampiada sobre da primeira, que fora imprentada en 1848 baixo o título de «*Apuntes para una Biblioteca de escritores económicos españoles*» (3); «*Economía Social*» —1848— e «*Banco del pueblo*» no ano seguinte de 1849. De facer mención asemade ao folleto editado, tamén, o 1849, en París, «*Les parties en Espagne*», onde espica que denantes de espoñar as suas ideas, debería facer esposición das doctrinas mais avanzadas do meirande economista español, Flores Estrada, autor dun «*Tratado general de Economía Política*» (foi publicado en Londres, en 1828 e traducido árid en 1840, composta de cinco volúmenes). Cecáis o mais intelectual francés. Unha última edición arquentada, apareceu en Marquesante de todo este conxunto de obras, polo que supón de laboura ingrata e de pouco lucimento, sexa o dito «*Catálogo de escritores económicos españoles*» no que se recollen 195 autores e 292 obras, que si fáise comparanza có de 50 obras de que fai mención a «*Biblioteca Hispánica*», de Don Nicolás Antonio, ou o de 40 eisamíñadas e citadas na «*Biblioteca Económica*» do señor Sampere y Guarinas, poderáse en parte espricular a causa da ignorancia xeneral dos economistas estranxeiros encol dós da nosa patria, xa que non tiñan un catálogo que lles indicase, ao menos, a existencia dunhas obras, a maior parte, cásque descoñecidas en España, canto máis fora (4).

La Sagra, ademais de adicarse aos estudos de economía escribiu unha chea de artigos dos máis diversos temas, que non

- (3) Pódese ver, coma cousa curiosa, unha nota manuscrita polo propio autor no exemplar comprendido no tomo II das obras de La Sagra, que hai na Biblioteca da Real Academia Galega e que dí: «Este trabajo fue osadamente robado por un señor Borna, que en Madrid lo reimprimió íntegro, con su nombre, poniéndole el título de Clave de los economistas españoles. Suprimió las indicaciones de las bibliotecas donde yo había hallado las obras. Ramón de La Sagra.
- (4) Polo que atingue a Galicia, é de destacar que don Manoel Colmeiro, prestóu axuda para o «*Catálogo* sobre da Biblioteca da Universidade de Santiago de Compostela onde era profesor.

ímos grosar, coma non o facemos das moitas conferencias que pronunciou; remitimos a quen teña curiosidade de coñecelo ao traballo, tan citado, de Casás Fernández. A pesares de elo, si queremos recoller un feito, que polo seu cariz humán é unha mostra do contrapunto de admiracións e xenreiras, que a sua laboura tivo. O feito refírese a que no ano de 1839 a Universidade de Compostela confiriulle o grado de doctor polo voto do seu craustro, honra que otorgábaselle, coma «testimonio público que transmita a la posterioridad el aprecio que le merece el señor de La Sagra, para darle de esta manera una prueba de que esta Corporación no escasea, en cuanto está de su parte, el premio a que se hacen acreedores tan dignos hijos...» (5). Que sepamos en Galicia non se lle fixo, en vida, outro homaxe que éste. La Sagra reside logo en París con fixeza e vive os días azarosos da Revolución de febreiro de 1848. Esta data marca un fito no Historia, non soio de Francia, sí que tamén, na do Mundo. En Francia derribase a monarquía liberal burguesa de Luis Felipe de Orleáns, despóis de un dilatado goberno de oito anos, de siño conservador, dirixido por Guizot, có que tiña unha grande amistade La Sagra. Instáurase a II República. A revolución, que viviu La Sagra moi perto dela, produxo no seu azo e sentir un desacougo certo, de tal xeito, pensamos, que dende entón, o seu ideario encol do poder e da autoridade vai a siñificarse por un notabre pesimismo sobor do sistema democrático puro, coma veremos máis adiante. Cecáis, a impresión producida foi maior, nos ditos sucedos revolucionarios, por estar implicados neles M. Guizot (6).

A data de 1848, doutra banda, supón o formento dos vindeiros movimentos de siño internacional, xa que viú a luz, en tal intre, o Manifesto Comunista do que foron autores Marx i Engels. Endelí, váise larvar o socialismo marxista, cuia primeira expresión real seria o movemento obreiro internacional dirixido polo propio Marx hastra conseguir orgaizar en 1864 a «Internacional dos traballadores», que máis tarde chamouse simpremente a «Internacional». A Historia vai tomar novos rumbos.

La Sagra sigue sendo vaixeiro incansábel, en todos estos anos e nos seguintes. Vémolo percorrer Bélxica, Gran Bretaña,

(5) Salvador Cabeza de León. «La Universidad de Santiago y don Ramón de La Sagra». Santiago 1919.

(6) Dende entón, La Sagra, no seu ideario político val facer unha forte crítica do sistema democrático puro, as causas delo serían merecentes dun estudo histórico.

Alemania e Suiza. Anda ao mesmo tempo en Francia i en España, e á voltar a Cuba. O seu pensamento, tamén percorre un feixe de temas, dende a visita e estudo das cárceres hastra representar a España na Eisposición Universal de Londres, sin deixar por elo de buscar remedio aos males da sociedade en cousas da instrucción dos xóvenes, dos doentes e tratando de paliar o escándalo da prostitución; hai que engadir, asimesmo, os traballos políticos e os da sua más íntima vocación científica. Abonda con ver o da sua más íntima vocación científica. Abonda con ver o conxunto da obra, para decatarse de hastra onde chega a mente universal de La Sagra. No 1854, de novo, é reeleixido diputado na Asambrea Constituinte que orixínase pola revolución dese ano. A sua intervención foi limitada, ainda que intensa; máis, coma sempre, mantendo a independenza de ideas e pensamento e sin avencellarse a ningún partido político. Xa temos dito, que a impresión que lle produxo a revolución de 1848 en Francia e que repercutiu en toda Europa, levouno a un cámbeo nas concepcións sober do poder e da autoridade, e que esprixa, que non se comprometa cos partidos que domiñan na Asambrea. Amóstrase conservador e sostén con tódalas forzas as prerrogativas do Trono por entender que elo era tanto, coma defender os principios do órde; tamén vota, con outros cincuenta diputados, contra da segunda base do proieto de Constitución, chamada base relixiosa, que ameazaba a unidade relixiosa en España e opónse, asemesmo, ao proieto de Olózaga que demanda un senado eleitivo. Nembargantes, non toma parte na votación nin discute encol da Lei de Desamortización.

Foron as ditas, as derradeiras intervencións na política militante de Don Ramón de La Sagra, anque non deixou por elo de seguir facéndose ouvir a traveso de folletos e artigos. Agás da teoría, semella alcontrarse cangado das margalladas dos políticos e a revolución que houbo en 1868, non sabemos si foi ben ou mal acollida por él.

Cando estala a guerra franco-prusiana, achábase en París e decidiu trasladarse a Suiza, onde foi acollido polos seus amigos científicos da cibdade de Neufchâtel. Era, xa, un ancián e temos que pensar, a pesares do desenrollo que aquela guerra tivo, que debiú matinar que a contenda iba ser longa, ou ben, adiviñou a forza demoedora do nacente imperialismo xermánico. No mundo encomenzaba unha nova era, ainda que fose encuberta polo intre, no que parecía verdade, que a paz antre os homes e os pobos

fose realidade. Pouco máis sábese, dende entón, da vida de La Sagra. E creencia xeneral, que o seu pasamento ocurriu, na dita cibdade suiza, no ano de 1871, ao parecer de certos investigadores, e, en tal senso, afirmóunlo Carré Aldao, anque, máis tarde mantén a opinión, de que por informacíons que recibiu de París que pódense ter por verdadeiras, cáseque tense de decir con seguranza, que morréu na capital de Francia, o día 25 de maio de 1871.

Co dito hastra eiquí, apréciase os rasgos fundamentáis do que poidera ser o retrato sicolóxico de don Ramón de La Sagra. Nas semellas ás que denantes fixemos alusión, preséntanse úns trazos da sua laboura, úns anacos das suas adicacións. Neste senso, é de facer cita do escritor Manoel Núñez Arenas que adicoulle un notabre estudo na «*Revue Hispanique*», do que se fixo unha separata co título «*Don Ramón de La Sagra, reformador social*», no que refréxase a figura humán do mesmo, nestas verbas: «*Espíritu curioso, observador preciso, enamorado de las ideas; objetivo de su vida fue el estudio de la ciencia que haría felices a los hombres. Descubrimiento de la verdad, que los tornará definitivamente humanos o les conservará bienes materiales y morales, será el fin de su existencia. Creerá, casi durante toda su carrera, que la ciencia —una ciencia exacta de lo social— ha de hallar cuando sea necesario la solución salvadora.*». Da mesma maneira o xuzga Azorín, inserto no seu libro «*Los valores literarios*», no que nos dí que era La Sagra, o que hoxe chamamos un europeo e considera que a sua ideoloxía resúmese nos «*Aforismos Sociales*». Un home que no 1849 programou a relixión da Cencia coma ideal para os homes e a humanidá, se non se quer que se extinxá. Na mesma liña, anque con maior espírito crítico e de obxetividade, alcóntrase a opinión do escritor francés Henry Lauzac (?), quen dí de La Sagra: «*E a profesión de fé na política, na economía social, na filosofía e na relixión dun home cuia esistencia labourosa foi enteiramente consagrada a graves estudios para o progreso moral e físico da humanidá en xeneral e da sua patria en particular. Endemais, engade, a independenza de pensamento, sin concesións, fáilien asmarlo coma un utopista e un socialista. O seu derradeiro libro, que supón a síntesis do seu pensamento non resta méretos as acusacións que se lle fixeron. Os*

(?) Henry Lauzac. Biografía de don Ramón de La Sagra publicada na «*Galerie Historique et critique du dix-neuvième siècle*», Paris 1860.

principios eminentemente conservadores e relixiosos, as máximas rexeneradoras quíllas prasma na súa obra, non pódense presentar xamáis coma perigosas ou nocivas. Ten un sentimento e pensamento relixioso, mais non é ausolutamente dogmático. Non se lle pode acusar de ídeais subversivas. Nos sinalamos o autor de voos, a profundidá de pensamento que alcóntrase nos seus «Aforismos» verbo da «Miseria» e do «Pauperismo», da «Defensa da base moral», da «Unidá social», da «Verdá e da Moral» quill pon, no principio, coma as primeiras condicións de toda sociedá ben orgaizada. Sober de todo, o «Mal e o Remedio» é o libro dun home de ben e amigo da humanidá».

III.— O PENSAMENTO POLITICO - SOCIAL.

a) A base filosófica:

Non pode existir dúbida algúha, de que todo idealismo ten na sua raiz un lévedo filosófico, no que a intelixencia escolle aquí ouxeto que lle sinala a vontade de maneira apasioada. Todo home descobre o seu ideal, o millor, os seus ideales, na medida na que operan vontade e intelixencia, o que supón, certamente, un xuicio de valores. Cando escóllese e síguese un camiño, amóstrasenos a libertade. La Sagra tivo sempre, unha inquedanza, un desacougo por alcontrar un outo ideal que fora guieiro da sua vida, coma xá temos dito. Será un pelegríno na búsqueda da verdade. Nos derradeiros anos, o seu debezo é, axeitar e coutar o seu pensamento, o que atópase reflexado nos seus libros. No que ten por títuo «Malas Doctrinas» (8) ven a sintetizálo nestes termos, cando no limiar do mesmo xustifica a finalidade crítica que persigue. Para il o «órde moral» que abrengue ao home i as sociedades por eles formadas, non é outra cousa máis co «órde relixioso», na sua acepción máis lata e trascendental. Elo ten un refrexo certo nas Comunidás. Dí La Sagra: «La íntima conexión con todos los actos de la vida privada y pública de los individuos y de las sociedades con todas las ins-

(8) «Malas doctrinas». La Habana 1859. Comunicado a «La Verdad Católica». Imprenta del Tiempo.

tituciones así económicas como políticas, como científicas, con todo aquello, en fin, que en la vida del individuo, sale de los estrechísimos límites de las funciones intuitivas», constitúe esos ordes. Desta maneira escribe: «El orden moral no se refiere sólo a los preceptos religiosos, al culto y a las instituciones piadosas; y por esto cuando ven que un escritor examina las demás, bajo el aspecto religioso, o le desdeñan como un iluso o le condenan como un reaccionario». Para mí, e penso que non pode haber ouxención, o que quere siñificar, xa que elo é unha constante no seu pensar, é que tódolos actos da vida dos homes están tinguidos do relixioso, sin que sexa aventurado afirmar, que La Sagra adiántase e intúie o que vai ser o maxisterio da Eirexa actualmente, ainda que non poida adiviñar a Teoloxía de hoxe, anque ande rente déla. Demóstrase, cando nos di: «La rebelión de la inteligencia contra la fe, que no obstante todos los errores que ha engendrado, entra para nosotros también y forma parte de la gran ley providencial de la humanidad, dejó como su conquista imperecedera, lo que se llama libertad de pensar, y que nosotros creemos denominar con más exactitud, incomprensibilidad del examen. En efecto, hoy día es completamente imposible, para un poder cualquiera y cualquiera que sean la fuerza y los medios de que disponga, el encerrar el pensamiento dentro de límites determinados, o el examen en demarcaciones estrechas. No es posible decir hoy día, ni al uno ni al otro: tú no irás más lejos». De seguido engade, «la marcha seguida por la inteligencia emancipada de la antigua tutela religiosa, no condujo má^e que a la anarquía; parecería que la humanidad se halla condenada a morir en los horrores de ésta, por efecto del mismo progreso inherente a su naturaleza. Tal es el problema terrible que se alza hoy ante la razón. Nuestra «nueva fe» (que ten a valentía de defiñir) la denominamos «convicción profunda», porque no tiene el carácter ciego o de simple aceptación, de la fe que habíamos adquirido en la escuela y que débilmente nos acompañó en el primer período intelectual de nuestra existencia; y además la llamamos fe, porque difiere del conocimiento ordinario obtenido por el raciocinio, en cuanto se extiende a vastos objetos fuera del alcance de éste. Nuestra antigua fe había llegado, por el progreso sucesivo de nuestra instrucción, a hallarse en completo desacuerdo con nuestra razón, la cual había atravesado, ayudada por la ciencia, todos los grados del protestantismo filosófico hasta la negación. Nuestra nueva fe, al contrario, armoniza admirablemente las conquistas de la razón humana con las revelaciones de la razón

divina; y aunque no podamos comprender la inmensa extensión que ésta abraza, lo que ya sabemos nos autoriza a ver, en el conjunto de nuestros conocimientos, un débil reflejo, temporal y transitorio como la vida, de la brillante luz hacia la cual marchamos bajo la égida de la Omnipotencia. Bajo estas condiciones, nuestra nueva fé nada tiene que temer ni de la razón, ni de las conquistas científicas; posee, al contrario, el poder de fundirlas en la ley del verdadero progreso, que es la ley de la armonía, de la caridad, del amor».

Non se pode decir máis na mitade do século XIX, no que a Eirexa seguía vivindo das rendas do tomismo e mais da escolástica tradicional. Levaríanos moi lonxe, e cecais fora do tema que nos propoñemos ao facer unha grossa do pensamento de La Sagra. Tamén pouco queremos decir que nin Santo Tomás nin a Teoloxía Escolástica non sexan un fito, que marque o sentir da Eirexa. Certamente, hasta o Concilio de Trento incrusive, os teólogos esforzáronse por describir a virtude da fé, dentro do tratado das virtús cristiáns e coma un íntre especial do proceso da «xustificación» ou do paso a unha vida chea de gracia (no pran salvador de Deus para cada home, a gracia da fé é o primeiro chanzo). Despois do Concilio de Trento e pola presión da polémica cós protestantes, os teólogos católicos estudaron con singular detemento o caráter intelectual do acto de fé. A fé, tamén supón un acto do entendemento; más ao insistire nelo, desilánse outros aspeitos non menos importantes e xa ampiamente meditados polos Pais e os Teólogos do medioevo que conferían grande valor ao senso que ten a fé coma acto da vontade libre.

Na segunda mitade do século decenove, ante os ataques que se fan contra da relixión, xa denantes, en xeneral dende o campo científico e filosófico, algúns teólogos queren facer da fé cousa semexante a un teorema de matemáticas; un conxunto de siloxismos racionaes que, racionalmente engranzados úns en outros, levarán a concrusión racional da fé, có que vería a ser neste caso, o froito natural dun proceso racional, lóxico, necesario. No fondo, algúns apoloxistas da Eirexa ofrecían demostracións da verdade revelada, dun xeito que delata esta concepción racionalística da fé. Outros, en troques, convencidos da imposibilidade de chegar á fé por procedementos racionaes, propuñaron a teoría da «fé-sentimento».

O problema compriéouse cando o estudo concenzudo da historia dos dogmas, obrigou a plantear o tema da evolución da doctrina da Eirexa coma insino da doctrina revelada por Deus. Todo elo

fixo que con tanto discutir sobor da «racionałidade» da fé, do seu caráiter «intelectual», etc., perdérase o aspeito máis relixioso e sobrenatural dela, o da sua natureza de acto libre, que compromete ao home enteiro á chamada de Deus.

Co dito, temos, que La Sagra camiña na liña máis rente da Eirexa dos nosos días, ainda que non chegue a unha concreción total das suas ideas. Non podemos descoñecer, cos acontecementos da historia actual —o pequeno acontecer da vida cotidián e os graves acontecementos que chean as páxinas dos xornáis—, contemplados cúa verba de Deus constituyen coma unha concreción da chamada de Deus. Non enténdese ben o senso da historia de salvación si non se ve a acción salvadora de Deus actuando no interior mesmo da historia profana actual, vencendo pecados e inxusticias, promovendo nobres aspiracións, movendo o corazón dos homes.

Nin se comprende ben o valor da historia profana, se non vése que seu destiño é, en certo modo, convertirse e transformarse na historia de salvación, conservando a independenza que lle corresponde aos valores terréos (9). A Eirexa non eisiste no ár, senón que eisiste encarnada nas comunidás en marcha. Está formada polos mesmos homes que son protagonistas da historia profana no tempo en que viven. Por elo a Eirexa deprende do tempo, e deprendendo do tempo é fidel á verba de Deus. Non pódese ollar a historia coma algo arredado do home, xa que é o protagonista da historia. Un pobo é unha suma de desexos, de intereses, de pasións, de intelixencias; un intercambio de concencias vivas, unha eispresión do interior do home. Todo ésto maniféstase e revela na acción que, coma ten dito Ortega, «é a vida enteira da nosa conciencia cando está ocupada na transformación da realidade». O resultado délo son as institucións, os costumes, os usos, os grupos políticos, a técnica, a cencia, a cultura, a civilización, etc. Todo ésto, a súa vez condicíoa a vendeira acción do home, infruié na sua mentalidade, na sua vida, nas suas aspiracións e desexos, nos seus ideáis, etc. A Humanidade evoluciona na medida na que as coleitividáis toman concuencia dun problema, da lexitimidade dunha aspiración, da urxencia dunha acción, da gravedade dunha necesidade, das posibilidades de lograr unha meta deseñable.

(9) Cfr. Concilio Vaticán II, «Eirexa e mundo moderno», números 1, 3, 4-9, 10-11, 15, 26, 37, 40-41, 54, 78 y 93.

No fondo do corazón dos homes que fan a historia e nos ca historia infrui, latexa con tódala forza a dialéctica do pecado e da gracia, de Cristo e de Satán, da luz e das tébras, da escravitude e da libertade dos fillos de Deus (10).

Cando La Sagra fala desa fé nova, na que conxuga as conquistas da razón humán coas revelacións da razón diviña, adiántase ao pensamento da Eirexa actual, sin esquencerase do dogma nin da tradición, xa que non outra cousa quere decir, ao afirmar que baixo a éxida da Omnipotencia, armoñízanse as duas, e ainda que non poidamos comprender a inmensa eistensión que abrangue o que si sabemos autorízanos a ver, no conxunto dos nosos coñecementos, un flebe reflexo, temporal e transitorio como a vida, da brillante luz cara a que imos. A fé nada ten que temer nin da razón nin da cencia e, polo mesmo, ten o poder de fundilas na lei do verdadeiro progreso, que é a luz da armonía, da caridade, do amor.

Tras do dito, fáisenos máis comprensible a evolución do pensamento de La Sagra, que ten a más certa concreción na crítica que fai do racionalismo. Dí, coma a doctrina filosófica de Fichte, que é parte fundamental do sistema racionalista que sirve de base as teorías panteistas e materialistas modernas, e da que se desprende, tamén, a idea democrática autonómica, pode chegar a ser un veneno más, que a incuria e a iñorancia deixaran inocular.

Nesta crítica é, onde conta o que lle ocurriu sendo xoven, ao que fixemos, xa, referencia, en parte. Dí La Saga que elo supón un motivo de eisperencia: «...porque he sido víctima, y tal vez la primera víctima en España, de los errores a que me refiero. En efecto, en los años de 1819, cuando tenía yo veintiuno de edad, y nadie pensaba en la filosofía alemana, la latitud anárquica que había dado a mis estudios y una casualidad, que no sé cómo calificar ahora, me condujeron a examinar la doctrina de Kant, y hasta expone parte de ella, en un periódico que entonces salía a la luz en la Corte, con el título de «Crónica científica y literaria». El manuscrito de la continuación de aquellas elucubraciones, fue prestado en mi juventud a un religioso, que tuvo la buena idea de no devolverlo... No me empeñaré en demostrar ahora que nadie hizo serio caso de aquellos inoportunos extractos... que sólo merecieron a su joven autor una nota poco lisonjera al estado de su inteligencia. Mas este juicio, no podía influir en mi manera de pen-

(10) Cfr. Ep. Romanos, 8, 14-17.

sar y de apreciar una filosofía trascendental, que me había liberado del empirismo sensualista de la pobre escuela ideológica francesa».

Recoñece, polo mesmo, a anovación ca dita filosofía trouxo, con tódolos erros que se lle queran achacar. Có tempo, a súa fe cristián farálle superar o encontro co kantismo. A súa testemuña é ven elocuente: «Esta victoria no fue tan fácil, porque la doctrina vencida tenía para mí el mérito de haberme procurado, de una parte, laureles universitarios con el título de materialista, y persecuciones inquisitoriales en la ciudad de Santiago... Desde mi exaltación filosófico-liberal, hasta mi transformación y abjuración de tales errores, mediaron veinticuatro años; doce años primeros, en país lejano, consagrado a investigaciones científicas que no modificaron mis ideas materialistas, y doce años siguientes, consagrado y enriquecido en los estudios de ciencias morales y políticas, que enlacé con mis ideas de 1819, mi período krausista, yendo, como él, más allá que los filósofos alemanes» (11).

(11) Karl Christian Friedrich Krause, filósofo alemán, nado en Eisenberg en 1781 e morto en Munich en 1832, foi discípulo de Fichte e de Schelling na Universidade de Jena e foi despóis mestre na mesma Jena, Berlín, Göttingen e Munich. A sua filosofía pódese resumir desta maneira: O mundo é un sistema finito dentro de infinito de Deus. Este panteísmo ven atenuado pola idea dun Deus persoal, arredado do mundo, que sintetiza tódalas oposicións i é orixen, a vez, de toda oposición. O mundo divídese en duas partes distintas, o espírito e a natureza; a humanidade é síntesis das duas e tende cara a Unidade e o Ben Supremo. Fíxase moi na importancia das asociacións universáes, nación e familia, alcontradaas que teñen un carácter limitado, que son, para il, o Estado e a Igrexa. A familia e a nación son pezas da sociedade e da historia e base da moralidade e do Dereito (son as suas obras más importantes, «Proieito dun sistema de filosofía», «Sistema de ética», «Leicións sobre das verdades fundamentais da cencia» e «Fundamentos do Dereito natural»). O «krausismo» tivo menos seguidores que outras derivacións da filosofía idealista, mais, coma centraron, de maneira especial os estudos na filosofía dc Dereito, o seu influxo foi notábel, sendo de resaltar, entre outros, a F. von Leonhardi (1809-1875), H. Ahrens (1809-1874) y G. Tiberghien (1819-1910), alcanzando importancia o movemento en España, Bélgica e Holanda. O «krausismo» que cristalizou en España, distinxíase por ser unha imprecisión de cencia e mística relixioso-natural; o home realiza un dobre camiño, un ascendente, onde partindo do «ego» chega a Unidade Absoluta, Deus, e outro descendente, no que partindo de Deus, o home reencóntrase inserto no órde do Universo e do Ser, achándose este realizado en cada un dos seres do mundo. Por outra parte, o Ser Absoluto é Ben Supremo, e o home ademáis de estar en Deus, debe asemellararse a El. En España o movemento «krausista» gozou de meirande predicamento perante os anos que van de 1850 a 1875, fixo moitos seguidores, entre os que se alcontran F. Canalejas, F. de Castro e Xiner dos Ríos. Tense por certo que foi Xulián Sanz do Río quen introduxo o

Dende ali, La Sagra, dándolle un carís persoal, chega a sua definitiva formulación relixioso-filosófica. A saber: Admisión da eisistencia dun órde moral, dunha xusticia eterna e das almas inmorrentes e polo tanto inmortales. As verdades do órde moral non son nin poden ser máis que simpres deducións da verdade relixiosa, que a razón ademite; pero que xamais crea nin descobre independentemente da vontade divina. Deste xeito vimos a ser concreadores, cecáis, cun siñificado moi á moda de hoxe e da más, perta de nos, Teoloxía.

Un dos maiores daños que aboura o racionalismo na intelixencia onde chega a asoballar, é de percurarllas duas especies de armas igoalmente lóxicas en apariencia pra derrubar a verdade evanxélica; as unhas espicando á sua maneira tódolo maravilloso coma natural (doctrina de Paulus); as outras declarando mito simbólico todo misterio (doctrina de Strauss). Ambas levan e dan por resultado a negación da verdade e da autenticidade dos Evanxelios. Cando unha cencia especial avanza, sinala La Sagra, aprovéitanse os espiritos nemigos para deducir, de cada adianto nela, un argumento novo escontra da fe. Deste xeito o terréo cambea cada século; xa é a xeoloxía que pretende desmentir a Biblia; xa é a cencia moderna das razas, axudada polas recentes investigacións fisiolóxicas; xa é a crítica dos testos, a xeanoloxía e as linguas que dan armas cara da autenticidade das Escrituras; xa é, en fin, a historia, quen ven a presentar, baixo os más laidos aspeitos, o

«krausismo» na nosa patria. Elo é certo, pois foi este filósofo, político e pedagogo, nado en Torrearevalo, pequena aldea de Soria, no ano de 1814, quen estudiou con toda intensidá a filosofía do idealista xermánico. Sanz do Río pidíu á Universidade de Madrid que creara unha Cadeira de Filosofía do Dereito, elá polo ano de 1841, e anque non foi atendido naquel intre, a petición, pasados dous anos, no 1843, creóuse a Cadeira de Historia da Filosofía que se encorrendou a él, sendo ademais becado pra facer estudos en Alemania sobre dos novos movementos filosóficos e iniciou o viaxe indo a París, onde coñecéu a Victor Cousin (1792-1867), cadeirádigo na Sorbona, víndose defraudado polo eclecticismo politizado do mesmo. Elo fixo que seguiría viaxe a Bruxelas có deseño de coñecer a Heinrich Ahrens. Eiquí é, onde entra o noso personaxe, La Sagra tiña fonda amistade polos seus viaxes a Bélgica có dito discípulo de Krause e non hai dúbida de que foi quen presentou a Sanz do Río a aquél. Hasta qué punto tivo La Sagra certa influenza nos estudos que dende ali fixo Sanz do Río, non sabémolo. E un tema que brindamos aos estudiosos da Historia. Que foi indirectamente quen facilitou a laboura seguinte de Sanz do Río, queda refrexado neste feito histórico, xa que Ahrens aconsellou ao cadeirádigo de Madrid que acudira á Universidade de Heidelberg, onde permanecéu ano e medio e realizou estudos do «krausismo» con Leonhardi, Roeder e outros representantes do movemento. Sanz do Río finou en 1869.

restablecemento do cristianismo, o nacemento e o desenrollo da Eirexa. Agréguese a esto que cada xeneración ten as suas inquedanzas e os seus motivos de dúbida, resultantes, sexa de novas condicións da vida social, sexa de espranzas confusas do porvir. Por elo perante nimigos incesantemente anovados, e perante unha estratexia abelencemente variada, é de necesidade ca apoloxia se pa pregarse a tódalas esixencias do ataque, que son os siños de cada tempo. A gloria do cristianismo consiste en non haberse achado xamáis —inerme— frente aos seus adversarios, ben houbérense chamado Celso o Xuliano, Gibbon o Voltaire, Paulus o Strauss.

Xa fixemos unha pequena grosa do pensamento de La Sagra, denantes. A sua idea relixiosa ten valeamento no noso tempo, na maoría das suas conclusións e sobor de todo ó falar dos siños do tempo. A Eirexa, en tanto pobo de Deus non é estática, senón dinámica. Cada cristián, coma membro do pobo de Deus, pelegríña cara ó Reino, máis non pódese desentender do intre histórico no que vive e ten a obriga de encarnarse, o mesmo que fixo Cristo, no mundo, para escomenzar a construir nél o Reino de Deus. O cristián á levar o seu ser de tal, a tódalas estructuras da sociedade na que lle tocó vivir. Sin elo a fé viría morta. Noutras verbas, eso é o que nos dí La Sagra, cando definiñe o que él chama a nova fé súa.

A crítica que fai do racionalismo, nembargantes, non é, certamente, orixinal, xa que a recolle, na maior parte, de Miguet, Segredario da Academia de Cencias Morales e Políticas de Francia, da que era membro don Ramón de La Sagra. Vénnos decir que a doctrina racionalista alemán non se acha limitada á que espuxo seu fundador Kant e o seu primeiro discípulo Fichte, senón que pasou logo polas modificacións que impuxeron Schelling e Hegel. Segundo a Miguet, recolle as tres primeiras fases desta filosofía deste xeito: «Después del severo observador que demuestra la existencia del pensamiento, sin atreverse a afirmar la del mundo; después del lógico atrevido que deduce el mundo del pensamiento, cuya creación atribuye a éste por lo mismo que tiene conocimiento de aquél; viene el poeta filósofo que identifica el pensamiento con el mundo, por un esfuerzo audaz del talento y con una gran belleza imaginativa». E ben certo, que se non pode mellorar, en poucas verbas, unha síntesis más certeira deses tres citados filósofos.

La Sagra aproveita para arrenegar da Revista de Instrucción Púbrica que recomenda a cencia e a moral de Fichte, que, ademáis de vir fora de tempo, non se decata dos perigos cá tal filosofía supón, coma Dempois imos ver.

A crítica sigue: «A la identidad primitiva del ser y del pensamiento, a la cual Schelling atribuye el origen común de la naturaleza y de la humanidad, continúa Miguet (aunque no de una manera suficientemente exacta), Hegel, buscando una unidad más rigurosa, sustituyó la idea absoluta, la idea pura, la idea lógica, que, por su propia actividad y su sola virtud, llega a ser naturaleza y espíritu, mundo físico y mundo moral, sucesivamente. Refiriendo así todo el Universo a una simple noción, Hegel la persigue en el curso de su existencia complicada y de sus metamorfosis progresivas; la muestra pasando, en virtud de su fuerza y como su dialéctica intuitiva (propia sólo de Hegel) de una esfera inferior a una esfera más alta, de una forma menos perfecta a una forma más acabada. Esta noción se produce primero saliendo de Dios (que no se admiren los lectores, que ahora viene el correctivo), que antes de realizarse por la idea (pues antes, no era nada) es una pura abstracción; y dicha noción va de evolución en evolución hasta que finaliza por perderse en el mudo abismo de la nada original de donde ha salido, no se sabe cómo ni dónde (esto lo dice Miguet, pues Hegel debía saberlo) y después de una carrera tan vana como laboriosa, vuelve, no se sabe por qué. Empero Hegel trazó la marcha (da la noción simple, no lo olvidemos) al través de todas las crisis de la naturaleza, de todas las fases de la humanidad, entre todos los elementos lo mismo que bajo las leyes de la física, entre las causas así como en medio de los acontecimientos históricos (¡larga y variada marcha por cierto, para una noción!). Con una hábil penetración y un incontestable poderío (Monsieur Miguet es un caballero sumamente cumplido en sus expresiones) la observó y la descubrió en la materia, en la ciencia, en el estado, en el arte, en la religión y en la filosofía, mostrando al ser abstracto realizándose en la naturaleza; luego, en la naturaleza haciéndose espíritu, y en fin, en el espíritu haciéndose Dios (recuerde el lector; Dios por la idea, de pura abstracción que antes era)».

Temos que convir que La Sagra, coma o ciruxano có bisturí, nesas verbas que antre os paréntesis, saxa con punxante orixinalidade o sistema filosófico de Hegel. Veremos logo, coma o anális é máis fondo do que parece.

Volvendo coa crítica eispón: «La filosofía de Hegel era un panteísmo abstracto y absoluto. Privaba al mundo de su Autor; a la creación, de su filosofía; a la vida, de su razón divina y de su fin moral; al alma humana, de su inmortalidad. Elia partió de la nada

del ser, pasaba por la nada del porvenir, terminaba en la nada de la muerte, atravesando de un modo fatal, por un progreso sin motivo, una existencia sin objeto». E por elo, có noso La Sagra teña que pensar, que as novas tendencias cara o racionalismo e o idealismo alemán, que se descobren en España, poden ser tanto más dañosas e transcedentales, canto a maxinación ardente dos seus xóvenes compatrianos áchase mais predisposta a recibir as teorías poéticas de Schelling e de Hegel, que non o prosáico racionalismo filosófico do século pasado e do presente (século XIX). A vanidade humán e a orgulleza da razón teñen moita parte nesta preferencia que, na era moderna e antre persoas de bon entendemento, teñen as doctrinas espiritualistas ou idealistas sober das materialistas; xa que nestas a diñidade do home sofre en ver a sua sobre natureza semellada coa das bestas, ao paso que as outras érguena ata o punto de identificála con Deus. Non soio eso, hai que engadir a forza que resulta das teorías sociáis que contén o idealismo xermánico. Por elo penso facerllies un servizio, e á miña Patria tamén, en denunciálas sacrificando pola verdade hastra o meu amor propio, que non se atariña un momento en auxurar dos erros délas, de que tamén, algún tempo fun víctima. Consólame saber que non son soio na loita e que a Providencia divina evitará a grande debacle que en 1833 predixo o poeta Heine, cando dixo da revolución social: «Fan falla moitas nubens e moitos choques para alcender o trono alemán; máis unha vez alcendido ese trono, non se detendrá. Un día, lonxano da nosa morte, cando non quede da xeneración actual máis que o seu esqueleto cuberto de aréa, a grande revolución alemán estoupará, e xúrovos que os leóns e as hienas do deserto de Africa refuxiaránse, baixando a cabeza e a cola, nas suas más ascondidas cobeiras: pois tan grande será a tempestade alemán».

Có dito, temos unha visión das ideas relixiosas e filosóficas de La Sagra, na madureza do seu pensamento. Si engadimos que é, mesmamente, niste intre da sua vida, cando a maior e mellor parte da sua obra producíese, chegaremos a unha conclusión certa, a de que La Sagra tiña un creativismo moi seu, cun senso relixioso que non se opoñe á dogmática cristián e ainda ten atisbos de anavador, xa que moitas das suas ideas son, hoxe, corpo de doctrina da Eirexa. Tal é, por exemplo, o que afirma sober dos siños dos tempos, aos que débese acadar a Eirexa no mundo; tal, asimesmo, que a cencia non vai escontra da relixión cristián anque non é lícito

usála para combatíla; tal, a súa confesión de fé, que non é cega, sinón ilumiñada pola intelixencia e pola vontade. Loita, cara os que negan a Deus (12), arteilando úns conceptos filosóficos enteiamente cristiáns.

b) Ideario político-social:

Partindo destas bases e principios, o noso Don Ramón, vai a facer un análise da Idea Revolucionaria. Tendo por certo e incontestábel que o empirismo leva ao mal, dado que se fixa soio nos feitos, esquencéndose das causas, atendendo escrusivamente aos efectos, atopámonos có Poder escontra da Idea. ¿Cóma resolver esto? Para La Sagra hai que partir de duas conclusóns: 1.^a Que a natureza ou esencia da «forza», sendo «material», resulta importante para derrubar a «idea» revolucionaria, que é de esencia «intelectual»; 2.^a Que a «forza» vicióuse, manténdose con elementos revolucionarios que destragan a sua acción «comprensiva» cara as manifestacións da «idea» revolucionaria.

Non pódese empregar uns principios que son relativos nas loitas da Forza contra da Revolución, nembargantes, elo é xeneral en tódolos casos imaxinables, nos que o mesmo elemento empré-gase cara unha idea perxudicial ao Orde: «Non hai máis que revisar tódolos Códigos de leises puramente «represivas» escontra dos vicios, dos delitos e dos crimes, dende os más atroces dos pobos atrasados, hasta os más lenes das lexislacións modernas, pois recoñeceráse que todos foron e son igualmente ineficaces para extinguir as fontes daquélos».

La Sagra non alcontra a solución ni no carácter esencialmente anárquico da libertade, en razón de que a libertade de pensar opera sobre dunha base social bezada, xa que non existe unha base

(12) Non soia a crítica do racionalismo alemán. La Sagra non transixe, como vimos, coas ideas heréticas do seu tempo. Cfr. David Strauss. «La Vida de Jesús y la Dogmática del Cristianismo». Tamén referencia que fai a L. de Feuerbach («Esencia del Cristianismo») e os nomeados por el neohegelianos ou hegelianos do progreso, Arnold Ruge e Carlos Marx, os que asociados publicaron un xornal en alemán e francés, co título de «Anales Alemanes-franceses»; Weitling, xastre, que editou en París un folleto clandestino. «La humanidad como es y tal como debe ser», tivo que fuxir a Xinebra, onde creou o xornal en alemán, «El grito de desamparo de la juventud alemana».

de moralidá: «Inténtase atallar o progreso do mal, reformando as cárceres i educando nelas a xuventude, e déixase vivo e ardente o foco púbrico da sociedade, onde volta o xóven reformado para corromperse de novo. Téndeseille a mao para realzálo e convencélo, e déixase aos pais na miseria e na iñorancia; edúcase ao neno na escola, e víciaselle despóis na fábrica; se lle moraliza na prisión, na soedade da celda, deixando que lle espere en púbrico a sedución e o insino dos teatros».

Na búsqueda dunha solución orixinal váinos decir que: «La sanción moral, que no es más que la sanción religiosa a la vida de los hombres y de las sociedades, es la única que puede hacer realizable la virtud en aquéllos y la libertad en éstas» (13). O emprego da forza para reprimir a anarquía alumea o despotismo. A forza poderá establecer un sistema máis ou menos duradeiro, que non é querido pola vontade, senón imposto, có que a solución non serve nin é valedeira.

La Sagra termiña facendo estas conclusóns: A idea revolucionaria, eispresión da vitalidade intelectual, é inherente a razón da humanidade i espansiva por esencia.

A idea revolucionaria mostróuse con toda libertade ao proclamarse a razón independente da tutela relixiosa.

Dende entón a forza espansiva que lle era inherente, dilatóuse en tódalas direccións protestando escontra de toda creencia, cara toda opinión nos diversos órdes de ideas.

A razón, carecendo de criterio para disterar o bon do malo nas suas conquistas, a oportunidade das apricacións déstas e os límites conveñentes do progreso, buscóu aquíl no voto dunha suposta maioría que calificóu de soberana sober das razóns individuais.

Este acto de escrava sumisión ao número, variábel por esencia i expresión da forza, fixo á libertade dependente déla e anárquica nas suas manifestacións.

A forza material, da mesma natureza á que sanciona hoxe en día as decisións da razón, ten poder para compremer as manifestacións revolucionarias, máis de ningún modo contra da «idea».

(13) Vid. Arnold J. Toynbee, «Unha nova sociedade». Artigo publicado no suplemento do xornal ABC de Madrid, dc domingo 28 de outubro de 1973, no que dí: «non podemos conseguir unha nova sociedade sin conseguir denantes unha relixión anovada. Porque a relixión é a pedra angular da sociedade». E indudábal que hai unha similitude de pensamento coa tese de La Sagra que vimos espoñendo.

A sociedade alcóntrase, deste xeito, fructuante antre as decisións anárquicas dunha forza flotante que noméase maioría, e as decisións dun poder efímero, sosteñido por unha forza armada inerme e perigosa.

Namentras a razón continúa achando a esfera das suas conquistas no órde material, e aguiloando a cobiza e a desobedencia no órde moral.

A cencia auxiliar podente da libertade, enloia ás masas cos seus descobrimentos portentosos, facendo creer más e más na superioridade da razón. Escontra de tales axentes de actividade intelectual e de progreso material, a forza premorsora ten que declararse impotente.

Da espansión natural da idea revolucionaria e da esteril persistencia da forza en reprimila, sen atacála no seu orixen, nacéu o socialismo moderno. A idea revolucionaria saliu sempre triunfante das comprensións materiaes, e ademáis enriquecida con novas armas. Non podendo permañecer folgada, e estándolle prohibido o expresarse en manifestacións púbricas, xa bradantes, xa sangrentas, ocúpase en forxar no retiro da proscripción armas para os futuros combates.

Por elo es manifestacións da idea revolucionaria compremida, crescen progresivamente en vez de dismiñuir.

Sendo incontestábel: Primeiro, que unha idea non pode ser compremida por nada de material; Segundo, que o progreso non pode ser paralizado por medio algúin, porque está recoñecido que nel reside a vitalidade dos pobos modernos, hai que buscar un medio para sair destas contradicións incesantes e deste antagonismo permañente entre o «órde» e a «libertade», entre a «tranquilidade» e o «progreso».

O úneco medio consiste en «dirixir o progreso», someténdose ás condicións do «órde moral», que deben imperar sobor das do «órde material» nas sociedás humáns. O axente regulador non é outro que a «idea relixiosa», dotada de maior actividade ca «idea revolucionaria», porque ésta é fuxida, transitoria, ó paso que aquela é eterna.

Da mesma maneira que no mundo físico eisisten leises de acompañamento permañente que temperan a forza vital expansiva de que áchanse dotados os seres para que o seu desenrollo non sexa infindo, así tamén no mundo moral, a idea relixiosa serve para temperar a actividade das almas, subordiñándoo á lei suprema do

«xusto», e impedindo así os estravíos das intelixencias individuais e da intelixencia colectiva.

Lei da armonía, que é lei do amor, sinónimo de caridade e xusticia; lei relixiosa porque axunta a eisistencia presente á futura, de «acción eterna», que polo mesmo sae dos límites da vida temporal, que soio mira á presente, individual e egoista.

As leises diviñas que presiden a coordinación universal establecen os límites dos efectos do progreso e o home non pode traspasálos sen cair na anarquía.

Velahí, coma a que chama «idea relixiosa» ven a ser, o trasfondo, o pear onde tódalas mutacións que o progreso supón hánse normar, de sorte, que calqueira que sexa a idea política, para non cair na anarquía nin ter que recurrir ao emprego da forza, que nada resuelve, ao non ter unha estabilidade certa, somentes pode alcontrar a solución nese órde moral, que daquéla nasce. Partindo destas razóns, valedeiras para tódolos tempos, vai construire unha noción do poder, que pódese resumir así: 1.º Denantes da revelación cristián, o poder relixioso, o poder espiritual era recoñecido, nas sociedades humáns, coma poder único e indivisibile (14). O grande periodo social escomenzado pola revelación do cristianismo; a humanidade foi e sigue sendo testigo de fases progresivas do seu desenrollo e estensión no mundo, anque non chegase ainda a era definitiva do seu imperio integral no orbe. Esta ouservación que aconsellamos ao eisamen dos homes pensadores, pode servir para espicar a multitud de vicisitudes polas que pasou e está pasando a Eirexa, e cuias causas principais poden reducirse a duas, a saber: a) A dificultade inherente ao establecemento da unidade relixiosa sober da terra; b) A emancipación do pensamento. 2.º A misión do poder é i debe ser unha misión relixiosa, que consiste en dirixir ou encamiñar aos homes na sociedade, cara o destíño ou remate da sua eisistencia sober da terra. Cos ditos antecedentes, ven a siñificar as notas esenciáis do poder:

1.º Que o poder é un, indivisibile, moral ou relixioso por esencia, coma o principio de orixen de onde emana.

2.º Que tendo o poder a misión de dirixir ao home colectivo ou sociedade cara un fin, éste debe ser de preferencia o relixioso, que constitue o destíño do home sober da terra.

(14) «A Noción do Poder». Artigos publicados na Espranza en novembro do ano 1861.

3.^a Que sendo así, os intereses materiais deben estar subordinados ao mesmo poder que rexen os intereses espirituais, do que despréndese a xusticia da sumisión do órde civil ao órde relixioso.

4.^a Que fora destas condicións, non hai órde posíbel nas sociedades humáns, senón anarquía resultante do predomínio forzoso e inevitábel dos intereses materiais.

De conseguinte, La Sagra aventura que o Estado vindeiro será, coma representación sintética dos intereses da humanidade, a unión íntima e indisolúbel da condición social e da condición relixiosa; e entón o Estado será ún, coma o poder será ún, como a autoridade será unha, coma a sociedade será unha.

Cara esta grande unidade sintética camiña o cristianismo. O progreso necesita délo, e o achará na Relixión, moderador moral, non para refrenálo ou comprímilo, senón para conducilo ao termo providencial da humanidade, que é o seu propio melloramento na vida presente, en solicitude dun benestar eterno e inefábel na vida futura.

Todo elo alcontra unha formulación programática, pensando nunha apricación práctica e realista, que La Sagra, verbo de España, saca dos seus «Aforismos Sociáis» (15) sentando os seguintes principios xeráis:

1.^o A grande obra da organización social de España abrengue duas partes principais, a organización económica ou material e a organización moral.

2.^o A primeira abrengue tódalas empresas relativas ao presente da produción e dos consumos, e corresponde ao benestar material dos pobos. A segunda refírese ao benestar moral e abrange o culto, a política, a ademanistración, o ensino púbrico e profesional, a benefecencia, a represión e a xusticia.

21.^o A iniciativa supón, ademais de capacidade, superioridade.

22.^o Pode emanar da Asambrea ou do Goberno, ollando sempre á necesidade social e á unidade, postulados fundamentais ou principios inspiradores, movidos pola esperencia, e no que se debe acoller o conxunto de tódalas reformas económicas, ademanistrativas, xudiciais, etc.

42.^o Deste plan xeral deben desprenderse as leises especiais e xamais éstas deben preceder á redaición daquel.

(15) «Aforismos Sociáis» é unha das obras na que condénsase o sentir do autor. Os números van, tal e como os pon La Sagra.

43.^º Tódalas leises especiáis, pois, deben estar acompañadas de tal xeito, que en cada unha áchense perfeitamente determinadas as suas relacións coas demáis e có plan xeral do que proceden.

44.^º Na organización material, a consideración do territorio debe abranguer as leises orgánicas i especiáis relativas á sua división, saneamento, fertilidade, salubridade, vexetación permañente i esprotación benfeitora e previsora.

45.^º Despréndese de conseguinte, as leises concernentes á propiedade territorial, coleitiva e individual, aos regos, as comunicacions, á esprotación forestal e minera, etc.

46.^º A consideración da poboación, abranguer a sua distribución e o fomento de seus intereses, e de conseguinte ás leises familiares, á hixiene pública, ás colonias, ao fomento agrícola, industrial e mercantil, aos privilexios e arancéis.

47.^º A organización moral abranguer tres categorías diversas, mais intimamente relacionadas; a instrucción, o socorro e a reacción; e as leises son as que déixanse dito no segundo aforismo.

49.^º O mecanismo orgánico, para a realización de todas estas leises, constitue o goberno y a ademenistración civil, militar e xudicial.

Non se pense, que soio nos derradeiros tempos formóuse este ideario político-social de La Sagra. Na edade da refreisión, da que podemos chamar madureza xoven, alcontramos o seu craro pensar sobre do poder, na crítica que fixo da Constitución do ano 1837 (16). Vexamos coma abonda nas ideas das que xa fixemos aposición denantes. Neste traballo di: Duas condicións esenciáis fan que satisfacer o poder. A do órde e as necesidáis públicas. Respeito ao primeiro, derrubada a base da autoridade antiga, que era creencia no dereito divino, resulta vao o empeño de resucitar o seu prestixio e o seu poder. De conseguinte, hoxe en día é imposible establecer o órde sobre da «soberanía do Rei», pois a intención dos homes ilustrados negou o principio de que emanaba, e as masas, civilizándose, día a día, negana tamén.

A «soberanía nacional» ou a autoridade do número, cúa que se substituíu á do dereito divino, non soio é incapaz para fundar o órde, senón que tende directamente á anarquía. E ilusoria, pois, to-

(16) «A reforma da Constitución de 1837, innecesaria, inoportuna e perigosa». Madrid, 1844. Imprenta do Colexio de Xordomudos e Cegos. Rúa do Turco, número 11.

da espranza de «órde estábel» fundado nin no principio antigo nin no principio moderno. Mais antre o despotismo do primeiro e a anarquía do segundo, pode concebirse, e a eisperiencia o confirma, un órde posibre, non fixo nin permañente, e que somentes pode impor a «forza», único orgaizador posibre, posto que a sociedade perdeu a sua anterga fe na autoridade e chama razón e xusticia ao voto da maioria.

O elemento da forza non é certamente aceptábel por convencemento, máis pode ser aceptado pola razón cando consiga satisfacer, xa que non a necesidade social do órde racional estábel e permañente ao menos as necesidás púbricas.

¿En tais circunstancias qué deben facer os encarregados do poder, depositarios da forza, achándose na imposibilidade ausoluta de establecer un órde permañente, e vendo á Nación comprometida e ameazada, polo despotismo antigo é a anarquía moderna?

Resposta La Sagra: 1.º Non tocar ausolutamente a custión da «forma». Concentrar tódolo poder, en apoio do órde establecido polo pacto político, e respetalo coma forma de goberno, imperfeita e defectuosa si se quer, máis xa aceptada, na imposibilidade de formular outra que seña garante dun órde estábel.

2.º Apricar tódala acción moral e intelectual do poder, a satisfacer parte das necesidades púbricas; de todas aquelas que é posibre acadar sin tanguer o pacto político.

3.º Para elo, o goberno necesita despregar suma actividade, e chamar no seu apoio tódalas forzas intelectuais da nación, para utilizar os elementos de produción e de riqueza que posée a súa poboación e o seu territorio.

4.º A gran tarefa de satisfacer as necesidás púbricas supón un coñecemento fondo destas, das tendencias do século e do porvir destinado a humanidade. Da comparanza destas tres categorías de ideas, resultará un gran racional para o fomento dos intereses materiais e moráis.

5.º Neste plan ou programa, acharán seus capíduos respeitivos, os diversos ramos que constituyen o goberno e a ademanistración do Estado, ou sexan os ministerios, e conforme a elos poden verter grande número de bens sobor da malafadada España. Por exemplo: O da Gobernación, orgaizando á ademanistración dos intereses púbricos, dirixindo as dos locáis, ilustrando as masas, percurando as comunicacóns, fomentando as industrias, e asegurando o órde material con medidas sabias e prudentes.

O da Facenda, orgaizando igoalmente a ademanistración das rendas púbricas, e reformando o sistema tributario sober dunha base protectora do traballo deixándolle libre de todo imposto.

O da Xusticia, emprendendo a grande reforma penitenciaria, que a par da penal lexislativa, debe operar no órde moral da sociedade beneficios semellantes aos indicados no órde material e intelectual.

O da Guerra, debe pensar seriamente en orgaizar os dous elementos da forza material dos Estados, exército e mariña, dunha maneira que sempre resulten proveitosas e xamais nocivas, consideránndoas baixo o dobre aspeito de meios violentos de defensa, en tempo de guerra, e de produción nacional en tempo de paz. Esta consideración encerra as vizosas ideas da apricación do exército e da mariña, en largacías eisproracións científicas, comerciais e civilizadoras.

O conxunto destes traballos e outros máis que compretarían o programa, impón e eisixe a apricación dos talentos nacionáis, o coñecemento da eisperencia allea, e un esmerado criterio para non adoptar cegamente o dun país, sin subordiñalo primeiro ao sistema fundamental dos principios e sometélo logo á proba severa da comenencia púbrica.

Remato, póis, declarando meu íntimo convencemento de que no estado a que chegou a sociedade moderna, a custión de forma política é de todo punto inútil e perigosa, póis non é posibre decidila sin ter resolto denantes o grande problema da orgaización social, do que aquela depende. Canto dixen sober de España, é unha simpre apricación dos meus convencementos xeráis, igoalmente apricabres a tódolos países libres da Europa e da América.

A intelixencia privilexiada de La Sagra, camiña sempre cara as fronteiras das anovacións. Sempre se alcontra no seu ideario un punto de intuición, que sorprende pola actualidade do mesmo. Hoxe, que no binomio político-economía fálase tanto da planificación e da tecnificación para mellorar o desenrollo dos pobos, hoxe en que o siño da política quérese afincar nunha espida e nidia Ademanistración, hoxe en que os ideáis parecen subordiñados á efectividade da técnica, ten releve certas refreisóns que o noso home fai cando fala da Exposición de Londres e da industria española (17). Escoitemos o que di: A industria en cada país, pode consi-

(17) «La Exposición de Londres y la Industria Española». Madrid, 1850.

derarse polo xeral dividida en duas categorías de productos, que respeitivamente levan o seu sello digámolo así, do seu diverso orixen, representando os dous aspectos do estado e progreso do pobo en que son outeñidos. Unha destas categorías, orixinal, antiga, ocúpase en satisfacer largacías necesidás da poboación, aproveitándose ésta das materias primas que ten a ma, dos meios que a naturaleza lle brinda, e asociánda no seu exercicio coas tarefas habituais de toda especie, cuio conxunto chea a sua labourosa eisistencia. A segunda categoría, importada ou imitada doutras nacións, cumpre outras necesidás non tan apremiantes e sempre más recentes, coma fillas que son da cultura sucesiva dos pobos. Polo tanto, seus productos non presentan carácter algúin de orixinalidade, senón que son semeilantes aos que a mesma industria confeiciona en tódalas partes. Así é, que dende os comenzaos ostenta xa, certo grado de perfección e de bon gusto, que tardan moito en adequirir os da outra categoría, merecente do tiduo especial de indixena. Ao contrario desta, non emprega sempre as materias primarias do país e prescinde dos elementos de força que posée; daquelas emprega os meios eisóticos e para éstes recurre a carosas máquinas. Ademais deixa abandoada a vida familiar tradicional e abafalla o taller artesán.

Se non pode deixar orfas de dirección as tendencias parciais e privados de unidade os esforzos individuais. E ventaxoso unha acción tutelar do poder, compatibilizando, no camiñar da humanidade, a libertade individual co órde público. O poder central, imprimindo unha impulsión sabia e rexia ao desenrollo vindeiro das nosas forzas vírxenes, regularizará as tendencias individuais conforme ún programa máis racional que anárquico seguido deica ao día por tódolos pobos. Encamiñarase o movemento e toda acción das forzas coleitivas cara o gran resultado, que faiga compatible o progreso material coa felicidade do pobo, e a libertade individual co órde das sociedás.

Máis adinante, cando falemos de certas ideas de La Sagra sobre do dereito de propiedade, nas que pretende unha formulación cuáseque poidéramos decir de fin social, de tal dereito, con base nunha reforma do fisco, ao batilar nas Cortes un novo proiecto de lei sobre das herencias abintestato, alcontrámonos cos principios xa espertos. Hai unha grande continuidade na temática e unha permañente liña de pensamento.

c) Grossa deste ideario:

Ningún home, ainda que se ache rente da xenialidade, ainda ca sua intelixencia derrámse con meirande forza, pódese sus traer a unha cultura tradicioal en primeiro termo, coma tampouco ao mundo ambiental que o circunda, en segundo termo. La Sagra non foi unha excepción de tal regra. A sua eisistencia ven condicuada polo aloucado século XIX que viviu España. Unha loita cotidián, as vegadas espranzadora, non poucas veces abafante, dun pobo e dunha sociedade en crisis de crecemento que non acaba de atopar unha solución ideal cara un futuro. As loitas de liberales e absolutistas, primeiro, de carlistas e isabelinos, despóis, as Constitucións unhas veces en vigor, outras abolidas; un Poder sempre teimoso destas alcontradas forzas, que pasaba dun polo a outro, sin continuidade, asoballado por úns condicioamentos históricos que se apalpan nos estamentos sociáis, teñen que pesar sobor de calquer home.

Poidéramos preguntarnos si La Sagra foi un progresista. Personalmente, penso que non. É certo que a política liberal española do século XIX tiña coma meta as anovacións relixiosas e sociáis, basada no principio dunha soberanía nacional dentro dunha monarquía constitucional que, ao mesmo tempo, propoña a desamortización e a igualdade de tódolos ciudadáns denantes a Lei e os trabucos. Emporiso, a interpretación de tais principios motivou diferencias ideolóxicas que, xunto coas loitas antre as principais figuras do progresismo provocou a división do mesmo ainda que os derradeiros Gobernos dos Xenerales Espartero e O'Donnell, pretendieran có que chamouse Unión Liberal, axuntar as tendencias diversas do progresismo. Quedou un fermento da dita aspiración, que despós da Restauración e do proceso revolucionario (1868-1874) plasmaríase nun novo partido, chamado Liberal Fusionista, que tivo por xefe a Sagasta (18). La Sagra, coma vimos a traveso do seu ideario, tiña un pensamento político independente e non

(18) Un pequeno grupiño do progresismo axuntouse encol de Ruiz Zorrilla con tendencias republicáns, solo de nome conviña ao tradicioal progresismo.

quixo endexamáis xunguirse aos partidos, anque na sua xuventude de fora moi radical na defensa do liberalismo. E certo que nos primeiros anos de residencia en París tivo un afervoado ideario de contido socialista, o que fái que algúns estudosos da sua obra véñano a ter, coma un adiantado das ideas dos socialistas, incruso dun Proudhon. Máis o tema dos estudos de La Sagra encamiñábanse dunha maneira certa polos vieiros da Economía e non da Política. Si poidérase calificar co lenguaxe de hoxe, sin dúbida, a La Sagra habería de térselle coma un socialista cristián, o que se deduce dos seus conceptos encol do dereito de propiedade e da sua meirande preocupación de alcontrar o xusto equilibrio ante a «idea» e a «forza», antre a «libertade» e a «autoridade». Todo elo queda refrexado na sua noción do Poder que denantes collimos.

Dende o punto de vista social, o movemento progresista, certamente, foi o primeiro que intentou achegarse ao proletariado moderno para os seus fins políticos. Hastra entón, a masa proletaria fora considerada coma multitud informe, coma un ente ao que se move a pracer, que se aledaba cós tópicos e podía sentirse satisfeita sempre que se lle programara a sua «relixión», o seu «rei» e a independencia do país. O progresismo finou con este concepto en certo senso. Coma di Gil Munilla: «Los burgueses conspiradores, que tantas veces habían utilizado los bajos fondos sociales en beneficio de su propia causa, han abierto el camino a la acción de los exaltados que con programas demagógicos, quieren desplazar hacia el pueblo el centro de gravedad política».

La Sagra, que tantos anos viviu en Francia, decataríase da falla de madureza do progresismo español, constituído por algúns intelectuais cheos de romanticismo, certos Xefes militares, avenellados polo sentimento ao recordo de Riego e as masas do nacente proletariado industrial. O fracaso víase vir, xa que non había unha base onde buscar a continuidade. O pobo non tiña uns coñecementos certos das novas doctrinas políticas e os dirixentes facían da conspiración e do sentimentalismo, a norma máisima, dirixida a cambear o orde establecido. Engádase a elo, que estes dirixentes non deixan de ser burgueses e, coma tais, si son capaces de empuxar aos demás a acción, son pouco amigos de facélo persoalmente. As masas urbáns soio contan coma masas. Cando en 1842, os 80.000 obreiros cós que contaba Cataluña, maniféstanse por xuntas reivindicacións democráticas, hastra o punto de empuñar as armas, a reacción do Goberno progresista non se

deixa esperar. Dende alí, xa naide pódese chamar a engano sobor da verdadeira orientación social dos progresistas. Os proletarios podían ser un aliado mentras se deixasen domiñar, pero de ningunha forma cando plantexasen reivindicacións clasistas que se estimaren perigosas. A Constitución do ano 1837, feita polos progresistas, quedóuse curta nos seus principios e con elo perdéuse a maior ocasión de darlle estabilidade ao progresismo.

La Sagra, nos derradeiros anos da sua vida, intentou a búsqueda doutras solucións á política española. A crítica que fai da Constitución de 1837 é moi forte. Cecáis infruira nelo a sua amistade con Guizot, cecáis un certo desacougo pola que pódese nomear coma política de péndulo no noso país. Na semella de La Sagra, da que xa dimos conta, que débese a M. Casás, quere alcontrar unha relación con Donoso Cortés e unha coincidencia de ideoloxía con Pastor Díaz, para elo fáise cita do que di La Sagra na sua obra «Les partis en Espagne» ao recordar aquelas famosas predicacións do diputado e diplomático español: «Cuando el termómetro religioso sube, el termómetro de la represión política baja, y cuando el termómetro religioso baja, el termómetro de la represión política, la tiranía, sube. Es una ley de la humanidad, una ley de la historia...»; hai unha posibel semexanza de ideario pola transformación das ideas sociaes dún e doutro pubricista, xa que La Sagra pasa dún estremo a outro, refúxiase na intimidade relixiosa nos derradeiros tempos, namentres que Donoso Cortés fáise necesario fixar un camiño oposto (19). Quenes comentan a sua obra destacan que coma tódolos entendementos podentes, tivo, na traectoria do seu desenvolvemento, as lóxicas variantes que os avances dos camiños da investigación mental van producindo a causa da dilatación de horizontes que cada novo paso ofrece a sua vista puxante, có que vái a tinguir dun espírito máis liberal o seu ideario. Ao fin do pensamento destes homes hai unha pequena coincidencia, anque para míñ, La Sagra ten unha tendencia moi máis socializadora, máis aberta e máis universal.

Con outro galego ilustre, Nicomedes Pastor Díaz, nado en Viveiro, ún dos príncipes do romanticismo, ten La Sagra unha maior coincidencia sobor da ideoloxía social (20). Decía Pastor Díaz que a sua razón non poido asistir impasible e tranquila ao asombroso

(19) Vid. «Ideario de Donoso Cortés», por don Antonio Porras.

(20) «Problemas del Socialismo». Lecciones pronunciadas por Pastor Díaz en el Ateneo de Madrid.

espectáculo do vicio e tumultuosa liorta, que estánse dando, dun a outro estremo de Europa, tódolos principios, tódalas doctrinas, tódalas institucións. E engade, que con vinte millóns de individuos non se chegaria a formar unha sociedade si non hai un principio orgánico superior e dominante de tódalas calidades individuaes. La Sagra, coma xa vimos, coida de alcontrar ese principio de solidaridade no seu postulado, o imperativo da organización moral (21). Nembargantes, Pastor Díaz, que fói un grande poeta e un político-militante en partidos conservadores, emporiso non chegou a plasmar un corpo de doctrina semellante ao que fixo La Sagra, que sin ter que someterse a ningún partido político, tratou de alcontrar unha solución estable e permañente. Coma xa dixemos denantes, para él, o primeiro de todo, era a búsqueda dunha lei de armonía: «Con el uso de la fuerza no se resuelven exclusivamente las pugnas económicas, ni los conflictos políticos. Es necesario apelar a medios de orden moral, al amparo de una justicia social inspirada en sentimientos de cordial confraternidad.» (22).

En definitiva, La Sagra amostra unha orixinalidade no seu pensamento, que non se atopa nin en Donoso Cortés nin en Pastor Díaz. O primeiro tiña unha grande erudición, más non anovou nada; o segundo tratou, certamente, de achegar ó conservadurismo a unha liña más aperta e liberal. Un grande tribuno e un grande poeta que defendieron os seus ideáis afervoadamente, con verdade. Faltóalles, coma a moitos inxenios do século XIX, a rebeldía que leva a unha persoalidade indiscutíbel. Non foron creadores. La Sagra ao menos, cunha mentalidade más universal, intentou crear e toda a sua vida fói un desacougo. Il está más rente do pensamento de hoxe. Foi un adiantado.

(21) «Organisation du travail. Questions préliminaires a l'examen de ce problème». La Sagra, París, 1848: «El origen de todas las utopías de perfección civil desde «La República» de Platón a la «Océana» de Harrington, desde la «Isla de Pancaya», de Evencia, al «Falansterio», de Fourier, desde la «Ciudad del Sol» de Campanella, a la «Nueva Armonía», de Owen, obedece a la necesidad de pregonar un modelo ideal de sociedad, recoge La Sagra de otros autores, como punto de arranque y de reflexión.

(22) Cfr. «A Noción do Poder». Xa citada.

IV.—AS IDEAS PENITENCIARIAS

a) Os estudos penitenciarios nos anos da primeira mitade do século XIX.

Naide pode poñer en dúbida que ao finar o século XVIII foi cando a práctica e a cencia penitenciaria adequeriu un crecente desenrollo. Non se perderon, coma dí un disterado penalista (23), os esforzos dun Chaves, dun Sandoval ou dun Cerdán de Tallada, que no século XVI adiantáronse na percura dunha humanización do que hoxe é a cencia penitenciaria, ainda que a sua laboura tardara en dar froitos e tivera unha meirande aplicación. Nembargantes as Constitucións de 1779 da nomeada Asociación do Bon Pastor que foron alcontradas por douis discípulos de Salillas (24) conteñen uns principios para socorro dos presos. A reforma que preconízase do réxime na cárcere, quere impoñer o pensamento de Lardizábal ao

(23) Vid. L. Jiménez de Asúa, Tratado de Derecho Penal, tomo I, páx. 809 e 810. Edit. Losada, S. A.; Buenos Aires, 1956, segunda edición.

(24) José Aragonés Marín y Angel M. Cepeda son quenes alcontraron o documento que fora publicado por Salillas: «Constituciones de la Real Asociación de Caridad establecida para alivio de los pobres presos en las cárceles de Madrid con la advocación del Buen Pastor. Madrid, MDCCXCIX, en la imprenta de la viuda de Ibarra. Con licencia». Alcalá de Henares, Imp. y Encuadernación del Reformatorio de jóvenas, 1915. Recollido do mesmo Tratado de D. Penal de Jiménez de Asúa.

fin de establecer as debidas separacións e orgaizar o traballo, segundo un pouco o chamado sistema americán. Tamén a Real ordeanza para o goberno dos presídios dos arsenaes da Mariña, de 20 de marzo de 1804, recolle o mesmo pensamento. En 1808 Ventura de Arquellada traduce e anota a obra de La Rochefoucauld-Liancourt. Noticia do estado das cárceres en Filadelfia, o que supón un coñecemento das novas ideas na búsqueda da reforma penitenciaria, anque seña por unha vía indirecta.

Máis rente dos traballos de La Sagra, nos alcontramos có a obra de Marcial Antonio López, que no ano de 1832 publica en dous volúmens a sua «Descripción de los más célebres establecimientos penales de Europa y de los Estados Unidos». Asemeismo coma divulgador das ideas benthamianas en España, é de facer cita de Villanueva y Jordán, que escribió sober da adaptación da panóptica de Bentham na nosa patria. Pódese decir, con todo, que a maior figura da primeira mitade do século XIX, antre os penitenciaristas foi Manuel Montesinos y Molina. Non era un escritor nin un teórico. Era un executor, un verdadeiro anovador do sistema carcelario, adiantándose nelo aos ingleses e irlandeses na implantación do sistema progresista na cárcere de Valencia. As suas realizacións tiveron repercusión fora de España, de tal xeito, que as primeiras novas sobor do sistema de Montesinos e sobor dos seus resultados fóreron dadas por escritores estranxeiros.

Hai unha verdadeira coincidencia na data, a do ano 1835, en que La Sagra vai visitar os presídios de Norteamérica e na que Montesinos foi nomeado comandante da cadea de Valencia. Tiña este home, ese innato poder de domiñación que distere a tódolos reformadores. De il son estas duas afirmacións: «A penitenciaría soio recibe ao home, o delito queda á porta» e «a sua misión é correxir ao home»; o sistema que establecéu era de tipo progresivo, sendo, precursor do sistema inglés e do de Crofton. Dí Hill «recorder» de Birmingham, que Montesinos «inquire, inventa e sabe aplicar os principios hoxe en día vulgarizados pola práctica mellor entendida», consistentes en que «a boa conducta, a asiduidade no traballo tiñan por recompensa unha minoración da pena». Montesinos consiguío todo pola sua vontade e pacencia nunha das máis desventuradas eras da nosa patria e sin axuda algúns. No seu réxime correccional progresivo seguíanse tres períodos no tratamento dos reclusos: 1) Período dos ferros: Nil os condenados, estaban suxetos á cadea ou ferro que lles correspondía pola sua pena. 2) Período de traballo: Ao penado dábaselle a escoller antre varios

oficios. 3) Período de libertade intermeia: A boa conducta dos penados, a asiduidade no traballo, tiñan por premio unha disminución na duración da pena; pero a liberación non era máis que unha facultade e non un dereito sancionado polo costume; non se concedía máis que a quenes có seu oficio tiñan o pan gañado e aos que despóis de probas reiteradas habíanse amostrado capaces dunha conceciuda resistencia e asistidos de fortes resolucións. Foi Montesinos contrario ao sistema celular. Nas suas «Reflexiones» lénse estas verbas: «A celda é a incomunicación do preso, ademais de que soio satisfaz unha das condicións das penas, cal é a mortificación do penado, por outra banda perxudica ao obxecto principal dela. Perfeccionar ao home é facerlle máis sensible, e todo o que tenda a derrubar ou a entorpecer a sua sensibilidade impedirá o seu melloramiento». O sistema de Montesinos tivo tal efectividade, que na sua aplicación estivo en condicións de poder deixar sair e circular libremente pola cibdade de Valencia ó maior número de penados sin medo a que se evadiran. Iban ao seu traballo por centenares, levados por un solo axudante. As estadísticas demostran que os penados, coa salvedade denantes dita encol da maneira de aplicar o réxime, non reincidiron máis que en un por cen. Na Real Orde de 5 de setembro de 1844 áchanse recollidos tódolos principios do sistema de Valencia e non parez, senón, que o lexislador haxa copiado as máisimas e ainda o lenguaxe do reformador (25).

Tal era, pois, de conseguinte a situación dos nosos estudos e dos nosos intentos reformadores do sistema penitenciario, cando La Sagra vai a ser tentado pola sua natural inquidenza de mellorar a sociedade humán, cara a diñificar o tratamento de quenes, xa pola sua persoalidade, xa pola sua educación, xa pola sua integración en ambentes familiares ou de grupos marxinados, cometeron un delito. Pola sua formación moral, pola sua sagacidade, polo seu idealismo, ao chegar a Norteamérica, vése atraido coas reformas de aquela Nación na búsqueda de solucións sober do tratamento dos penados e, tamén, o que poidéramos chamar o mundo do vicio e da corrupción.

(25) Encol da obra e da vida de Manuel Montesinos Molina, pódese ver a bibliografía da que fai cita Jiménez de Asúa, no Tratado de Dereito Penal reseñado; páx. 810. O estudo más axeitado parécenos o de Vicente Boix: «Sistema penitenciario del Presidio correccional de Valencia», Valencia, 1850; e «Montesinos y el sistema de Montesinos», en Revista penitenciarla, 1905, páx. 549-563 e 677-694.

b) A obra de La Sagra:

A obra de Ramón de La Sagra áchase constituída de maneira principal, neste senso, de ideas que atinguen ás suas visitas aos presídios de Norteamérica, coma dixe, primeiro, e de Francia, Suiza e Bélxica, máis tarde. Cando voltou de Bélxica e Holanda, fundou unha Sociedade prá mellora do sistema carcerario correccional e penal de España. Fai unha chamada a tódala sociedade e pon de manifesto a laboura que nelo poderían levar a cabo as donas. Delo dimos, xa noticia, denantes. Importa, referir, asemesmo a publicación do seu «Atlas carcerario», ou colección de láminas das principaes cárceres de Europa e América. Mais con todo, o ideario verdadeiramente xenuino imos alcontralo nas cartas que La Sagra escribiu a M. Moreau Christophe, das que faremos un comentario miucioso. Ista correspondencia foi publicada no ano de 1839, baixo o título, de «Correspondance pénitentiare», en París.

Ténse dito por Salillas e por outros distados penalistas e penólogos, que La Sagra é un precursor de Concepción Arenal. O certo é, que a coincidencia de pensamento difere bastante, sin dúbida pola formación xurídica que a nosa esgrevia compatriana tivo. Certamente hai unha mesma arela cara a problemática que xurde verbo da reinserción dos marxinados da sociedade, na sociedade mesma. Hai outra notable diferencia. Concepción Arenal é partícipe éla, na door aliea. Non nos podemos esquencer de canto fixo, coma visitadora das cárceres, namentres La Sagra, é máis o intelectual de mente universal, sin participación práctica. Cecáis haxa unha maior coincidencia antre a nosa penóloga, neste senso, cos penitenciaristas que siguiron a liña tradicional dun Castillo de Bovadilla e que mellor que naide centróu o devandito Montesinos. A tesis penal de Concepción Arenal quere unir a espiación e a correición. La Sagra fixase máis na persoalidade do delinquente e encamiñase por unha metodoloxía máis experimental, esquecéndose dun dos termos do binomio delito-delinquente, que é, do primeiro. Onde hai máis achegamento antre os dous é, certamente, en que teñen unha prespectiva de conxunto sobre da sociedade en

xeneral, e a mesma preocupación de anejo humanitario (26). Ténse dito por douis ilustres xuristas, que Concepción Arenal por unha banda, supoña no seu pensamento a Xusticia e a Tolerancia, o que recóllese nas suas «Cartas aos delincuentes», axeitado a elo é a Carta XXXV cando fala do arrepentemento e da inocencia. «O arrepentemento é coma un segundo bautismo, que restitue ao arrepentido ao seo dos homes honrados». «A inocencia é nidia. O arrepentemento é sublime». Glosa o xurista, que «a inocencia é coma a pomba branca que endexamáis aventurou o seu voar lonxe da terra, co arrepentemento é unha ferida e unha cicatriz, unha caída e un inorme esforzo de reincorporación». Pola outra banda, hai un desexo de humanizar o Dereito que tamén glosa, o outro xurista, ó decir, que o coñecido dito de «odia o delito e compadece ao delinquente», representa unha «verdadeira eispresión teolóxica da door e da commiseración, froito dun esprito escolleito, femenino, humán e caritativo... non pódese dar un paso nesta materia, sin dirixir unha ollada restropeitiva a aquil xenio que, con visión de futuro, coma agora se dí, tratou de fixar a enxundia e verdadeira entrana do Dereito Penal na sua proieición verbo do delinquente, tratando con apasioada arelanza de adatálo ao meio social no que vive. Délo, sin dúbida, traen causa as modernas institucións penitenciarias de condena condicioal, libertade condicioal, redención de penas polo traballo e, sober de todo, e moi especialmente, o réxime de prisión aberta, acollido en non poucos ordeamentos penales e, por vía de ensaio en España». Queda pois no ar, a tremenda interrogante que pódese lanzar a unha sociedade, que ten certa presunción de liberar aos homes, de qué fan hoxe os pobos cara a poder alcontrar solucións no problema exe deste drama, que non é outro, que o tratamento do penado na reclusión, e neste, si que podemos decir, que tanto a

(26) Pódense ver entre outras sobor da obra de Concepción Arenal, Pedro Dorado Montero, «Doña Concepción Arenal, 1892». La Nueva Ciencia Jurídica, vol. I, págs. 257 y ss.; Gumersindo de Azcárate, «Doña Concepción Arenal en el Derecho y la Sociología», Madrid, Suárez, 1894; Rafael Salillas, «Doña Concepción Arenal en la Ciencia penitenciaria», Madrid, Suárez, 1894; el mismo, «Inspiradores de Concepción Arenal», Madrid, Reus, 1920; P. Isaac Rovira Carreró, «Doña Concepción Arenal. Su labor científica desde los puntos de vista penal y penitenciario». Inauguración curso académico 1926 a 1927, Santiago de Compostela, Tip. Suc. de Paredes, sin fecha; Manuel Casás Fernández, «Concepción Arenal. Su vida y su obra», Madrid, Suárez, 1936 (fue impresa por Moret en La Coruña); Rafael Altamira, «El Derecho penal español y doña Concepción Arenal», en «Criminalis» (México), junio 1947, págs. 222 y ss.

esgrevia ferrolán, coma o coruñés esgrevio, tiveron a sensibilidade necesaria para sentire a anguria de quenes son afogados por esa mesma sociedade (27).

Voltando, pois, a o ideario de La Sagra, tal coma adiantamos, conténese, nesta materia, nas cartas que dirixíronse il e M. Moreau Christophe. Para elo imos resumilas no seu conxunto. La Sagra quere dar resposta a quen lle inquire. En síntesis, Moreau Christophe, fai o seguinte plantexamento do problema da reforma dos Centros penitenciáis de Francia. «Creo que o sistema francés mellora os de Auburn e Filadelfia, xa que escluie das prisións, «le silence absolu et la solitude absolue, les conversations libres et la vie en commun des détenus». O silenzo vai ben á esencia do carácter americán, máis non ao da nación francesa, esencialmente comunicativo e apasioado. Coido ademáis, co Dr. Coindet, que o silenzo absoluto ataca ao sistema dixestivo, debilita ós órgaos da respiración e presenta outros perigos para a saúde daqueles a quenes se lles impón. Penso, co Dr. Gosse, que a soedade continua ten de agravar os efectos da reclusión sobor do corpo e da alma; elo leva ao desenrolo de sentimentos tristeiros que predispoñen a moitas doencias. Creo que a astención de toda distracción, de toda ocupación, de todo exercicio que supón o aislamento, exerce unha acción sobor do miolo que derruba a persoalidade do individuo».

Polo que atingue as conversacións antre os detenidos, o perigo é recoñecido por todos. Penso que as conversas prolongadas levan a que se non podan impedir que haxa influencias duns en outros. Desta maneira, a vida en común, pode ser unha forma de pervertación ou de que medren tódalas impudicias, tódolos pensamentos maliciosos, tódalas accións turdias dos miserentos que poboan as prisións dos hemisferios. Cada un pode aportar seu continxente de vicios e mal andancia. O feito de clasificálos en bós, perigosos e malandrís, non é máis que alquimia penitenciaria, xa que na vida en común ao facela por fatos ou categorías, conleva a que vóltense peores. Eso é unha grande falla. Nin siquer os bós adiantan ren e os que teñen algunha tará ou son debles

(27) Víd. Manuel Iglesias Corral, «Las Ideas de Concepción Arenal y el curso del Derecho». Conferencia Ciclo «Galicia». La Coruña, marzo de 1972, impresa por «Gráficas Venus», La Coruña. Eduardo Monzón de Aragón, «Dimensión cordial de la Administración de Justicia y Humanización del Derecho». Discurso leído el 16 de junio de 1972 en la Academia Gallaga de Jurisprudencia y Legislación, La Coruña. Imprenta Moret, 1973.

de carácter deveñen malvados, sin que se vexa unha base para podelos reintegrar na sociedade. Os que dinse bós pensan que son a os privilexiados, unha clase mellor e non son máis que uns soinamoinas. Esa é a soia virtude da cadea que non compromete perante os ollos dos seus compañeiros. Non atopo punto de apoio no sistema de Auburn e, o que se chama sistema de Xinebra, ven sendo a mesma cousa, sin outra diferencia, que non sexa a que refirese aos nomes que se lles dan aos condenados de cada fato e forma de comunicación, que teñen antre eles.

Penso que o sistema das nosas casas centrais é mellor. Unha asociación na que os bós e os malos son mesturados, ten ao menos, a posibilidade dunha loita, a loita do ben e do mal; ou o mal pode sere neutralizado polo ben, ou o seu exemplo pode equilibrar o exemplo do mal, ou o mal nun intre, non pode estar libre en si mesmo dalgunha xuntanza co ben. Tocantes a este encontro do mal e do ben, nas liortas que poidan surxir non se pode, tampouco, decir nin asegurar, quen salirá vencedor. O exemplo da mediciña verbo das doencias insina o moi outo nivel de contaxio dos corpos sanos cando están en contacto con corpos doentes. Un membro gangrenado, leva a gangrena aos outros membros. Asimesmo sucede coas doencias da alma, o contaxio pode ser mortal. Por elo non vexo ventaxa das formas do sistema das casas centrais nosas sobor dos ditos de Xinebra ou Auburn, a pesares de ser mellor. Para mí a razón, a loita, a xusticia débese asentar en: 1.^º Que os prisioneiros, en prevención ou condenados, sexan todos isolados uns de outros, perante todo o día e a noite, namentras dura a sua detención, de maneira que cada un sexa gardado do perigo do contaxio dos outros, de tal xeito, de que non se vexan, de que non se coñezan nin recoñezan dempóns de sair da cadea, sendo de necesidade que non se estableza antre eles relacións de pensamentos e de actitudes, que perxudicaría, un día, tanto á sociedade coma a eles mesmos; 2.^º Que esta separación dos detenidos sexa feita de tal sorte, que a falla de vida en común non lle leve a ter as doencias do corpo e da alma; 3.^º Que importa moito que a Ademixistración defenda aos presos da compañía dos seus asociados do crime, e polo contrario, búsquelles a de xentes honestas coas que poidan adprender os exemplos e os consellos para vivir liberados no mundo e poder usar da libertade que Deus lles deu na terra, para cumplir a lei fundamental da sociedade humán: Non facer xamáis a outros, aquello que non quixéramos que nos fixeran a nosoutros; 4.^º Si non é bó que o home

viva soio, da mesma maneira non é bó que viva ocioso. O home debe traballar. Quen está sufrindo condena debe ter uns meios de traballo igual que os homes libres, e iso é unha tarefa de a Ademiniistración. Vostede que visitou as penitenciarías dos Estados Unidos de América, comprobaría, con que facilidade o sistema celular de Cherry-Hill prestase ao traballo persoal dos condenados. Pradier, un dos máis mañosos mecánicos de París, entregou a M. Demetz a nomenclatura dun número considerábel de materias que poderían introducirse na Francia, si o sistema que eu propoño fose adoptado no réxime das nosas cadeas. Despois de vinte anos, os traballos industriaes dos presos nas cárceres de Francia, dí Guillot, foron recentemente tidos en conta, sendo consultado polo Prefecto de l'Eure, encol de si podería facerse cárrego do traballo de tódolos detenidos da Casa de arresto de Evreux. A resposta foi de que sí, si o traballo era individual, más non si fáise en comunidade. Guillot vai máis lonxe, ofrécese para tódalas prisión de Francia con tal condicioamento. Fáise garante de que tódolos gastos cubriríanse, en poucos anos, polo producto do traballo dos prisioneiros. Pradier, fai a mesma oferta. Eu mesmo, demostréi, na Memoria ao Ministro do Interior sobre das Prisións da Gran Bretaña, que na de Glasgow, en Escocia, o traballo individual é practicado dende fai dezesete anos».

«No tempo en que vostede percorre América do Norte, a Penitenciaria de Cherry-Hill achábase ainda na sua infancia, no camiño dos seus primeiros ensaios, das suas primeiras imperfeccións... Dempois de que vostede voltou, de grandes modificacións operadas, ainda resíntese hoxe da sua severidade de orixe, os derradeiros informes dos inspectores e do Comité do Senado, correspondentes a febreiro de 1838, poñen de releve que as taboas de mortalidade de Cherry-Hill en comparanza coas outras penitenciarías dos Estados Unidos levan a esta conclusión: que o isolamento continuado do sistema de Pensilvania non supoña ningún perxucio para a saude dos reclusos; que a devandita mortalidade en Cherry-Hill non é máis que do 2,5 % e que en Auburn é do 2 %, e chega ao 4 % en Sing-Sing onde séguese o mesmo sistema. Tocantes ao estado da mente, os mesmos documentos oficiais constatan, que se non pode citar un soio caso de locura sobrevenida en Cherry-Hill, orixinada pola soedade ou a separación dos detenidos antre eles, despois de que fora establecida a regra actual».

«Dánse os mesmos feitos en Glasgow. Alí, tódolos que sofrén a cadea, alcóntranse soios nas celdas, de onde non saen, agás para pasear un intre no corredor, perante o tempo que a mediciña ordea. E, emporiso, a saude dos presos é mellor que en moitas das prisións de Escocia onde se segue o sistema de vida en común, si ben é certo que as detencións non son sobranceiras ao ano».

«Blouet, arquitecto, que coma vostede estivo nos Estados Unidos, diseñou os planos dunha prisión que Demetz enviou a tódolos Consellos xenerais e onde o sistema dos paseos nos corredores formúlase».

«Polo tanto, eu pregúntolle, si este sistema de confinamento individual, semellante ao de Filadelfia, non é máis razonable, o máis humano, o máis penal, o máis legal, o máis sinxelo, o máis practicable, de tódolos sistemas penitenciarios. Non comprendo ben os argumentos da escola de Xinebra, parécenme cheos do espírito cabaleiresco do voso compatriano da Mancha. Esos novos cánones penitenciáis son coma unha fogueira irrealizabele: o coñecemento do medio e dos motivos; dempois a acción ou a aplicación da acción; seguentemente a vontade de producir a acción; en fin a repetición querida do acto que a produce, etc. Non comprendo ren de todo elo, nin que muiños de vento quérense derrubar».

A resposta de La Sagra a esta carta, contén o verdadeiro pensamento do mesmo, o máis certo ideario sober dos sistemas penitenciarios. Damos, pois, conta ao pé da letra, da sua contestación, ainda que alóguese a esposición. Dí La Sagra: «Despós de repostar a carta que tivo a bondade de escribirme sober das ventaxas do sistema de separación individual dos condenados, permítome fixarlle o senso do principio que xa teño desenrolado na carta do mes de maio de 1837 (28). «Ao considerar o sistema penitenciario que según o punto de vista da sua teoría fundamental e dos resultados que propónense outer, a disciplina establecida nas seis Casas dos Estados Unidos da América do Norte, onde séguese o sistema de Filadelfia, a importancia por contradecir a disciplina das grandes Casas de corrección de New-York e de outros establecementos que adoptaron o sistema de Auburn, debo decírille, que non é apreciado por míni que este sistema, bon, cecáis, para América, poida sin graves inconvenientes, ser applica-

(28) A carta a que refirese non puiden alcontrala en ningún dos arquivos onde traballéi. Nela fai esposición das impresións dos sistemas de NorTEAMÉRICA en comparanza cos da Europa.

bel na Francia. Polo tanto, eu non quero decir que o sistema de Auburn supoña unha preferencia total sobor o de Filadelfia. Recoñeo a bondade deste derradeiro sistema; somentes espoño a creencia de non ser axeitado para Francia».

«Non pódese facer unha disteración absoluta dos elementos dos sistemas de Auburn e Filadelfia, dunha maneira taxante, xa que en realidade, o sistema penitenciario considerado no seu principio teórico, trascendente, non é máis que unha cousa. Os elementos que os constituyen son indivisíbeles, máis a proporcionalidade varía e debe variar. Combínase sempre para formar unha unidade; tódolos elementos reunidos, combinados, dan un resultado mais defiren na sua proporcionalidade (coma o orgaismo das plantas e dos animais) e son diferentes nun individuo e noutro, nun País e noutro. A determinación precisa desta proporción, nos sistemas penitenciaes, depende do carácter ou persoalidade do culpable que forma un dos membros da proporción que trátase de resolver, e onde a incógnita, é a reforma moral do detenido. Si este membro pode cambiar, ou pola influenza do ambiente, ou polas institucións políticas, ou pola condición social do individuo, o outro membro pode tamén viralo, sin perder por elo, a sua esencialidade o réxime penitenciario».

«Eu son, pola miña cencia, favorabel ao sistema do silenzo, que con toda rígurosidade vense aplicando nas prisións americanas, tais coma Auburn, Sing-Sing, Watersfield e outras; frente aos predicamentos que facedes contra do sistema de xuntanza dos presos nos patios, necesario é modificar o sistema de Cherry-Hill para a sua posible adaptación en Francia. Vostede non pensa en isolar absolutamente ao detenido, senon soio do contacto criminal e corruptor; vostede non lle impón un calar completo, soio en relación cos membros podremiados da sociedade. Nos vosos principios, o que sofre a cadea, non se alcontrará envolto na vida activa, de aturdeamento, das pasións e do crime ou na falla de sentimientos relixiosos que non ten, que levaríalle á mesma desesperación. Vosté despóxalle do home vello para revestílo do home novo. Vosté elévalle á vida social dos valores e das xentes honestas. Vosté non desexa outra cousa, que apartarles dunha sociedade perversa e refalsada para eles, darles outra chea de virtudes e de desenrollo na que todo sexa a ganar. De tal sorte, que esto será a sanación do culpable, será, tamén a sanación da sociedade. Desta maneira, según vostede, a individualización peirante a prisión, ao rente da soedade e da solicitude, constitue o

resorte principal, indispensábel, da máquina penitenciaria francesa que quere sustituir as estranxeiras».

«O principio do silenzio e do isolamento total non son rigurosos no seu sistema, anque sí, as condicións que constituen a sua esencia. Un soio, un soio principio fundamental sobre o que váise fundamentar todo o edificio penitenciario, imperioso e inmodificábel. Este principio é a incomunicación entre os presos, que é de adoitar con rigurosidade e que abrenque tódolos meios de acción ou de actividade que ofrecen os catro sensores de comunicación social: a voz, a vista, o ouvido e o tacto».

«Coa garantía da incomunicación dos penados nas cárceres, pódese poñer en marcha, sin ningún perigo, os distintos axentes de reforma moral que faránse mover sobre deles. O prisoeiro, neste xeito, estará alonxado dos axentes corruptores, en tanto sométese ao réxime moral que o seu estado esixe: este réxime debe ser individual, coma o esixe a sanación dos males síquicos. Nesta cencia nova, o estudo e a observación estableceron, co tempo, a sua patoloxía e a sua terapéutica especiales, sobre de bases más seguras, sendo por elas, onde pode ter a sua maior efectividade a cencia médica, para alcontrar a devandita sanación. Coido, impósito, que convén meditar moito, denantes de elexir encol do sistema para facer a reforma na Francia».

Podemos, agora, a traveso das cartas cruzadas entre os dous personaxes, tratar de facer unha certa concreción dos puntos nos que aséntatase o pensamento de La Sagra verbo dos sistemas penitenciarios. Certamente, ía parte dunha idea básica. O delincuente débese recuperar para a sociedade e para elo tense que estudar a sua persoalidade. ¿Onde áchase o mal, e onde o remedio?... Está é unha constante que repítense nos seus escritos e nas suas verbas, hastra o punto de que un dos seus libros ten ese título. Tocantes ao tratamento, sin dúbida móstrase partidario de que seña individual, do isolamento total. Pensa que a incomunicación non fire a ialma nin o corpo dos que sufren a cadea. A cencia médica ten meios suficientes para que calquera clase de doença poida ser combatida. Ao non haber vida en común, tampouco hai o perigo da mala influencia dos presos incorrexisbeis sobre de outros. O home soio e isolado pode meditar, pode traballar, pode ler, pode debullar a madexa dos seus erros e decatarse das motivacións deles. Cara a reinserción na sociedade, ésta ten que prestar unha axuda sin condicións. A sociedade débese esquencer dos feitos que foron causa do delito. O ambiente lonxe de supoñer un mundo

fosco, ten que alumear un camiño novo para un home novo. Sin elo a reinserción e total correición non levaríase a termo.

Pódese, pois, decir que no ámeto do penitenciarismo, La Sagra é un correcionalista. Trata de alcontrar a espionación con base na moral. O seu modo de entender o cristianismo, fáise presente para construir tal base moral. A chamada a sociedade para que teña sempre presente nesa tarefa de perdoar e loitar por quen pecou, é unha constante no pensamento de La Sagra. Non lle importa ren o delito, nin a tipoloxía do delito respecto do delincuente. O delito, non é máis que un pecado orixinado do mal que pervive na mesma sociedade. Si recada os adiantos da cencia e para buscar un medio auxiliar. Aos doentes, hainos que curar. A sanación é condición necesaria para o tratamento que virá logo. A personalidade do delincuente háse de ter en conta, non tanto coma circunstancia da comisión do feito delictivo, senón máis ben, para télo en apreciación cara a sua posibel sanación, o que supón, certamente, unha orixinalidade.

De tódolo que dixemos, pódese resumir o que representa o pensamento de La Sagra verbo do penitenciarismo. II non é un penólogo. Ten máis de anovador moral e deste anceio xurde o seu pensar cara a reforma dos sistemas penitenciarios. O delito é un mal, é un pecado, do que non soio pódese responsabilizar a quen o comete, si que tamén, é grande a responsabilidade da sociedade; ista, ademais, de podrecer aos delincuentes, non mostra axuda algunha nin para correxilos nin para reinsertalos nela. A quen delinque, o cumplimento da condena bástalle para a espionación. A sociedade non ve no delincuente a persoa humán, somentes un depravado ao que hai que marxinhar dela. Pro para La Sagra, calquera pode ser autor de un delito, sendo percisamente a sociedade, as máis das veces, quen leva a que o feito do delito se produxa e polo mesmo non pode desentenderse do mal que provoca. Ela ten que implicarse no problema, si non quer romper coa lei da solidaridade humán ou da caridade cristián. O sistema penitenciario más axeitado, é para La Sagra o do modelo americán do isolamento. Os que sufren a cadea deben permañecer soios, anque se lles percure un tratamento suficiente, tocantes tanto ao moral coma ao físico. O insino e o traballo necesarios que deben ter, todos eles, para que cumplida a condena poidan ser acollidos pola sociedade. Tamén percurrárase a sanación de aquéles que teñan algunha doença. Das prisións, no que sexa posibel, sairán homes novos que leven con eles unha capacidade de reinserción na sociedade.

Moito lévase camiñado na cencia penitenciaria, dende que La Sagra defendéu o seu ideario, pro non podemos esquencernos de que moitas das suas ideas, ainda teñen hoxe unha certa vixencia, sobor de todo, a disteración da persoalidade de cada preso e as medidas educativas. De outra banda, a chamada que fai á sociedade, é de unha realidade que se non pode discutir. A sociedade se non para a contemplar a etioloxya do delito, no senso de quenes o cometan. O delinquente, ainda que seña primario queda xa marcado para toda a sua vida. A prevención, moitas veces, áchase condicioada pola falla de meios económicos. Ainda non hai un concepto verdadeiramente intanxible para definir ao perigoso social. A reviravolta dunha escada de valores, que tamén denunciou La Sagra, é cada vez máis outa. A cencia e a técnica, calqueira que sexa a sociedade de que se trate, son o centro da vida política, tomando o concepto en termos amplios. Os valores espirituais derrúbanse tanto pola forza dun ateísmo ideolóxico, coma o que aséntase nun materialismo que se adoita coma forma de vida. Un estudo delo levaríanos fora do que é tema deste discurso. Quede, emporiso, constancia de que La Sagra tivo un deslumbrante do que poidera ser o mundo actual e loitou sin desmaio por alcontrar o remedio do mal que escomenzaba.

V.—O PROIETO DE LEI SOBOR DOS DEREITOS HEREIDITARIOS.

Non queremos poñer punto final, sin denantes, ainda que sexa de maneira moi aniquida, dar conta dunha das máis importantes proposicións, que se teñan feito ao poder lexislativo na segunda metade do século XIX, é decir, o Novo Proieto de Lei de Contribución sober das Herencias Abintestato e Colaterales. Niste proieto de Lei tencioábase de aumentar as cuotas decretadas en 24 de febreiro de 1830, Instrucción de 29 de xullo de 1830 e adicións de 5 de setembro de 1831, conservando vixentes as que non se mencionan. A data da proposta é de 19 de decembro de 1854 e ten a seguinte escada gradual:

1.º Herencias abintestato:

Colaterales en segundo grado; en lugar de	4%	20%
Colaterales en terceiro grado; en lugar de	8%	40%
Colaterales en carto grado; en lugar de ...	12%	60%
A Facenda hereda se non hai parentes.		

2.º Herencias por testamento:

Colaterales en segundo grado; en lugar de	2%	10%
Colaterales en terceiro grado; en lugar de	4%	20%
Colaterales en carto grado; en lugar de ...	6%	30%
Aos grados máis alonxados, parentes por afinidade e aos estranos; en lugar de ...	10%	50%

3.º Cando o testador instituía por herdeira a sua alma, cobraríase do importe total da herencia, manda ou legado, en lugar de	2%	20%
Cando o faiga en favor dos ascendentes ou descendentes en liña recta; en lugar de ...	4%	30%
Si fose en favor de parentes dentro ou comprendidos no carto grado; en lugar de	8%	40%
Cando resulte en favor das almas de parentes de máis lonxano grado ou de estranos, ou con destino a calquer ouxeto piadoso; en lugar de	12%	50%

La Sagra, como economista, dí que este medio de cubrir o déficit con medidas parciales non vai cos seus principios económicos, coma tampouco o de conservación dos trabucos que hasta hoxe serviron en tódolos pobos para cubrir as atencións públicas. Xa que para él o sistema tributario é vicioso no seu orixe, vexatorio na sua práctica baixo calquer aspecto no que considérese a sua sustitución nos países de Europa e de América, por outro, eisixen unhas condicións económicas e sociais nas que non se pode entrar ainda. Cando un sistema, ou político, ou social, ou económico, alcóntrase condenado pola cencia e ademáis ten escontra o voto da opinión, ten que morrer. Esta morte é de vaticinar para os sistemas de tributación, que, agora, existen; polo tanto, La Sagra propón un meio supletorio de axudar a cubrir os gastos públicos, baixo o punto de vista, tan soio, rentístico. Emporiso, a importancia do proieto áchase no seu basamento e nas finalidades que persigue. O crecemento da cuota xustifícase polo autor, tendo en conta o destino das necesidades que vái a satisfacer e si o crecemento dende o 20% ao 60% poidera parecer excesivo, débese pensar que vai ferir uns intereses más ben imaxinativos que reales, pois a un herdeiro nun grado tan lonxano, só calle unha fortuna sin un dereito directo e ainda más cando refírese aos colaterais e cando é a alma a instituída, o que chéguese hasta un 50% ou un 60%. Tocantes a finalidade ten maior valor, xa que o que persíguese, supón nin más nin menos que a «reconstitución» da propiedade territorial individual e a «constitución» da propiedade territorial colectiva.

O noso don Ramón, desenrola as eras históricas encol da propiedade hasta a Revolución francesa. Dí que a Convención, ao

proclamar principios cuas consecuencias non prevéu, decretóu a libertade total nas herencias e dividiu a propiedade territorial; confundindo o principio da división da propiedade pola herencia, que é xusto, coa subdivisión do territorio, constitutivo da propiedade, víu a pulverizar a mesma propiedade. Deste xeito resultaron propiedades tan anicadas, que son de imposible cultivo, ao menos conforme as regras da cencia. Así temos, coma exemplo, a Asturias e Galicia, e bisbarras doutras provincias, terreos onde se non pode facer un bon cultivo, xa que non hai meio de aplicar as leises da rotación de colleitas, nin a formación de estercos, nin prados artificiales, etc... Por elo débese reconstituir a propiedade individual con percura de que o fondo ou masa da herencia mantéñase íntegro e institucións nos as temos para conseguilo. Noutro senso, é de necesidade constituir a propiedade colectiva que non áchase orgaizada na España, o que supón un mal moi grave. A propiedade colectiva, esa propiedade que pertenece a todos, e que polo mesmo pertenece aos intereses xenerales, debe ser ademestrada polo Goberno.

A falla devandita, fai que o abandono leve a que haxa fame na poboación labrega e campesiña. Hai que anovar os cultivos, facelos más racionales. Hai que unificar. Hai que seguir os camiños da cencia. No noso país hai páramos e estepas, que poderíanse cultivar. Terras que si non producen hoxe, poden ter cultivos que a cencia descobre. A propiedade colectiva iría encamiñada a resolver moitas necesidades, sobor de todo, a creación de grandes masas arbóreas, xa que unha boa forestación que teña permanencia da como resultado a salubridade do clima, a regularidade das estacións, a conservación das especies animaes e moitas vega das evitar os desastres desas frecuentes inundacións que esborrallan bisbarras enteiras.

Nesa proposición, La Sagra tamén fai un análise dos principios que deben seguirse en toda reforma tributaria. Hai uns principios fixos, que acóllense por todos, e uns principios variables encol de cuia aplicación hai tantas opinións coma escolas. Sin facer, agora, unha enumeración destes principios relativos na sua aplicación, concretaréime soio a dous aceptados por tódalas escolas económicas, que son o do «creto» fundador sobor do «capital» e o da «amortización civil e eclesiástica». Estes principios alcóntranse de moda e ademítense sin un razoar previo, anque o primeiro non sexa sempre sólido e o segundo acugula unha chea de tendencias outamente anárquicas según se tencione e sin previsión

certeira do futuro. O porvir téñse que acomodar nunha previsión ben fundamentada. Tal deberá facerse ao esaminar estes principios, que agora alcóntranse de moda, pois o primeiro non é máis que un factor a ter en conta e seu carácter é tímido e mudábel, namentres o segundo pode supoñer unha chea de tendencias ou-tamente perturbadoras e anárquicas. A falla de previsión é o enemigo máis podente que teñen as medidas realmente rexeneradoras; dado que sendo difíciles de comprender e de aplicar, intimidan aos medoscos, aos lñorantes e preguiceiros, aos egoistas e aos que toleran os abusos, que disgraciadamente son a maioría dos homes influentes. Como vemos, La Sagra, neste projeto de reforma dos trabucos sobre das sucesións hereditarias, plantexa o problema nuns termos que andan rente das tendencias más actuales. Elo vése, tanto no que refírese as cuotas, coma no que pretende aplicalas, xa que a finalidade é moi concreta e calquer economista de hoxe coido que estaría dacordo cos fins que trátase de realizar. Ainda falta darlle un canle ao establecemento dunha reforma agraria que atingue hasta os países más desenrolados e un dos males que analízanse son os da atomización da propiedade dunha banda, no que as reformas iron polos vieiros de voltar a propiedade familiar con unha certa protección no campo xurídico e nos trabucos, pro certo é que os mercados derrúbanse e quenes traballan e producen son os que menos beneficios teñen. Doutra banda, a necesidade dunha propiedade colectiva se non pode esquecerse en países coma o noso. A forestación que tencionaba e pedía La Sagra, aparece hoxe coma un dos fitos a conseguir. A forestación é necesaria, non soio para as economías das nacións, se non tamén, para a conservación da natureza e ainda para a loita escontra da contaminación, sendo ao mesmo tempo un dos elementos importantes para a regulación climática. A propiedade colectiva, ademáis, supón unha comunidade con intereses xenerais na que participan tódolos implicados nela. Os páramos, os montes de maneira principal, poideran ser unha importante fonte de riquezas, xa que neles, polos avances da cencia e da técnica, cunha axeitada planificación é posibel, agora, axuntar a forestación coa produción gandeira. Na nosa rexión galega, téñse por certo de que eisisten rente dun millón de Has. de montes vecinales en mao común, que hasta fai poucos anos, achábanse nun total abandono. A laboura do Patrimonio Forestal, agora de ICONA, e doutros servicios, coma o de Estensión Agraria, veulle a dar unha nova vitalidade e, dende logo, demostra que o rendimento

económico é bon e certo. O problema queda en pé, sobor de todo, polo artellamento xurídico encol da propiedade destes montes. Ce-cáis a solución, ao menos, coma aspiración, coma arela onde partir, alcóntrase nas conclusóns aprobadas no I Congreso de Dereito Galego.

Temos, póis, que La Sagra intuíu, eiquí, tamén, unha certidume de futuro con senso de profeta, sin dúbida, pola era conflictiva na que viviu. La Sagra levaba na sua concencia tódolo que recollera no seu longo pelegrinaxe polos países da Europa e polo puxante crecemento dos Estados Unidos de Norteamérica. Il non podía ser alleo ao que contemplou e coa sua mente analítica de científico percibía, que un latexo novo bruaba dentro de sociedade. No que atingue a España, o século XIX vai presenciar o nacemento do capitalismo, ainda que sexa enteco, ainda que veña a remolque, en tódolos sensos reáis e simbólicos, do europeo. Consolidado o liberalismo coma sistema económico, anque a plena libertade non chegaría hasta o ano de 1868, no que ademítese a libre fundación de empresas, sociedás e bancos, váise a producir esta transformación, ainda que nesta espansión económica teña moita importancia a intervención do Estado, o que vai a dar coma resultando a xestación de monopolios privados, francos ou encubertos, coa nota degradante que elo supón.

Tocantes á agricultura, o que dixera La Sagra, ten hoxe constancia nos investigadores e historiadores. Pónse de releve por eles, que antre os anos de 1850 a 1900, taláronse 2.700.000 Has. de monte público e 7.000.000 de propiedade privada. Estes datos, abondan, para darlle toda a razón a quen soupo ser voceiro das melloras das infraestructuras no seu rendimento.

Vou a dar remate a este discurso, tan alongado, xa, pola persoalidade de don Ramón de La Sagra. Si o pouco que eu puxen, val para que se coñeza e para que se inquirra no ideario dun home desta cibdade da Cruña que foi máis que sabio, un adiantado e un profeta, daréime por satisfeito. Cando se alcontra a testemuña dun home coma La Sagra, penso que o sol da vida descobre cunha forza inmorrente, con tal de que se axeite no percorrer da mesma, a unha maneira de xusticia, libertade e ben común, a posibilidade de que a sociedade humán tencione e manteña o anceio dunha comunidade más solidaria e más aberta a tódalas inquedanzas do espírito dos homes, na que a dignidade da persoa sexa respetada en tódolos sensos, na que non haxa discriminacións e na que os podentes adeprendan a ser homes novos. Unha sociedade, que

sin utopías, desterre a forte e implacábel discriminación que vivimos. E na que brile, por riba de todo, o espiritual sobor do material. Unha sociedade, na que a paz sexa o compendio dun orde de amañecida, cos mesmos dereitos para todos, coas mesmas oportunidades cara á participación nos bens de todo xénero, dende os culturais hasta os materiais, que crebe para sempre os estamentos e esmoreza a loita de clases.

Moitas gracias, outra vez, pola vosa pacencia. Dixen.

**SEMELLA DAS OBRAS DE
DON RAMON DE LA SAGRA**

- 1.—«Memoria de las observaciones meteorológicas y físicas hechas en la navegación de La Coruña a La Habana», Habana, 1832.
- 2.—«Principios fundamentales para servir de introducción a la Escuela Botánico-Agrícola del Jardín Botánico de La Habana», Habana, 1824.
- 3.—«Informe sobre el estado actual del Jardín Botánico y de la Cátedra de La Habana», Habana, 1826.
- 4.—«Memoria sobre el clima de la Isla de Cuba», Nueva York, 1827.
- 5.—«Manual de Botánica Médica», Habana, 1827.
- 6.—«Memoria para servir de introducción a la Horticultura Cubana», Nueva York, 1829.
- 7.—«Memoria leída en las juntas generales de la Real Sociedad Agronómica de La Habana en diciembre de 1828», Habana, 1829.
- 8.—«Principios fundamentales de Botánica», Habana, 1831.
- 9.—«Historia económico-política de la Isla de Cuba», Habana, 1831.
- 10.—«Anales de Ciencias, Agricultura, Comercio y Artes», Revista mensual publicada en La Habana (cuatro tomos), Habana, 1827-1831.
- 11.—«Breve noticia de los primeros meses de mando del Excmo. Sr. don Miguel Tacón, Gobernador Político y Militar de La Habana y Capitán General de la Isla de Cuba», Nueva York, 1835.
- 12.—«Breve idea de la Administración del comercio y de las rentas y gastos de la Isla de Cuba durante los años de 1826 a 1834», París, 1836.
- 13.—«Cinco meses en los Estados Unidos de Norteamérica, desde el 20 de abril al 23 de septiembre de 1835. Diario de viaje», París, 1836.
- 14.—«Aclaraciones al artículo adicional de la Constitución y sobre la Administración Colonial», París, 1837.
- 15.—«L'île de Cuba. Le conte de Villanueva et le General Tacón», París, 1839.
- 16.—«Viaje por Holanda y Bélgica», París, 1839.
- 17.—«Correspondance pénitentiaire», París, 1839.
- 18.—«Lecciones de Economía Social», Madrid, 1840.
- 19.—«Guía del Comercio», Revista mensual, Madrid, 1840.

- 20.—«Discurso en la Sociedad Filantrópica fundada para procurar la mejora del sistema carcelario, correccional y penal de España, que leyó en la sesión inaugural», Madrid, 1840.
- 21.—«Reflexiones sobre la industria española», Madrid, 1842.
- 22.—«Discurso en la apertura de la Escuela dominical para Artesanos, establecida en el Instituto Español», Madrid, 1842.
- 23.—«Informe sobre el estado actual de la industria belga con aplicación a España, presentado al Ministro de la Gobernación», Madrid, 1842.
- 24.—«Noticia sobre el establecimiento de educación para los niños de las operarias de la fábrica de cigarros de Madrid», Madrid, 1842.
- 25.—«Atlas carcelario», Madrid, 1843.
- 26.—«Informe sobre la industria fabril en Alemania», Madrid, 1843.
- 27.—«Notas de viaje», Madrid, 1844.
- 28.—«La reforma de la Constitución de 1837, innecesaria, inoportuna y peligrosa», Madrid, 1844.
- 29.—«Informe sobre el cultivo de la caña y fabricación del azúcar en las costas de Andalucía», Madrid, 1845.
- 30.—«Revista de los intereses materiales y morales», Madrid, 1845.
- 31.—«Historia físico-política y natural de la Isla de Cuba», 13 tomos, París, 1845-1850 (varias ediciones).
- 32.—«Apuntes para una biblioteca de economistas españoles», 1848.
- 33.—«Le probleme de l'organisation du travail», París, 1845.
- 34.—«Ciencia Social», 1848
- 35.—«Sur l'inexactitude des principes économiques et sur l'enseignement de l'économie politique dans les collèges», Memoria leída en la Academia del Instituto Real de Francia, en 4 de diciembre de 1848, París, 1848.
- 36.—«Le problème de l'organisation du travail devant le Congrès des Economistes de Bruxelles», París, 1848.
- 37.—«Organisation du travail. Questions préliminaires à l'examen de ce problème», París, 1848.
- 38.—«El Banco del pueblo», París, 1849.
- 39.—«Aforismos sociales», París, 1849.
- 40.—«Sobre las condiciones del orden y de la organización de las reformas político-sociales», París, 1849.
- 41.—«La verité à tous», París, 1849.
- 42.—«Mis debates contra la anarquía de la época en favor del orden nacional», 1849.
- 43.—«Les partis en Espagne». París, 1849.
- 44.—«Noticia de las resoluciones y reclamaciones concernientes a la obra titulada Historia físico-política y natural de la Isla de Cuba, desde el principio de la publicación hasta el presente», Madrid, 1849.
- 45.—«Notas para la Historia de la prostitución en España», Madrid, 1850.
- 46.—«Essai sur certaines facultés mathématiques des avengles», París, 1850.
- 47.—«Catálogo de escritores económicos españoles», Madrid, 1853.
- 48.—«Aforismos sociales en aplicación a España», 1854.

- 49.—«El problema de los bosques bajo el doble punto de vista físico y social», Memoria leída en la Sociedad Imperial y Central de Agricultura de París, en sesión del 17 de mayo de 1854. Madrid, 1854.
- 50.—«Rapport sur un projet d'acclimatation des chépres dites d'Angora par une commission composée de M.M. Carreau, Lefour, Pucheran, Ramón de La Sagra, Richard du Gantel, Sace et Valseires», París, 1854.
- 51.—«Remedio contra los efectos funestos de las crisis políticas y de las paralizaciones comerciales», Madrid, 1855.
- 52.—«Vindicación contra una apreciación injusta de un proyecto de Ley presentado a las Cortes Constituyentes el 24 de diciembre de 1854, seguido de algunas reflexiones sobre el estado físico y económico de España», Madrid, 1855.
- 53.—«Artículos varios sobre las malas doctrinas», La Habana, 1859.
- 54.—«Le mal et le remède. Confession de fe», París, 1859.
- 55.—«Galerie Historique et Critique du Dix-Neuvième Siècle», París, 1860.
- 56.—«Discurso leído en la inauguración de la Escuela de Párvulos», Habana, 1861.
- 57.—«Lettres à Mr. Saint-Beuve, académicien et sénateur au sujet de ses idées philosophiques», París, 1867.
- 58.—«L'âme», París, 1868.
- 59.—«Introduction à la Philosophie religieuse», París, 1869.
- 60.—«Enumération des Espèces Zoologiques et Botaniques de L'Île de Cuba, utiles à acclimater dans d'autres régions analogues du Globe», París.
- 61.—«Índices analíticos de los anales de don Ramón de La Sagra», Biblioteca Nacional José Martí, Departamento de Colección Cubana, Compilados por Aranti García-Carranza, La Habana 1969, Biblioteca Nacional José Martí, La Habana, 1970:
- | | |
|---|-----|
| Introducción | 9 |
| Índice analítico de Anales de Ciencias, Agricultura y Comercio y Artes (1827-1830): | |
| a) Asiento de Autores | 17 |
| b) Asiento de Materias | 25 |
| c) Asiento de Títulos | 61 |
| Índice analítico de anales de agricultura e industria rural (1831): | |
| a) Asiento de Autores | 85 |
| b) Asiento de Materias | 89 |
| c) Asiento de Títulos | 105 |

NOTA FINAL.—A semella das obras cos títulos correspondentes, vai en castelán para respetar os orixinales do autor. Todas as que se citan alcóntranse recollidas no traballo, que xa se indicou de don Manuel Casás e pódense consultar, na sua maioría nas Bibliotecas da Universidade de Santiago de Compostela e nas da Academia Galega e do Consulado da Crux. A derradeira das relacioadas, téñse noticia dela, por un folleto remesado dende o Departamento de Colección Cubana que quedou reseñado a Academia Galega. Moi importante por sere unha escolma das obras de La Sagra encol da Illa de Cuba e pola anovación das mesmas que fai o compilador.

II

CONTESTACION
DEL ILMO. SEÑOR
DON ANTONIO FERNANDEZ RODRIGUEZ

Señores Académicos:

Intres e ocasións eisisten na vida dos homes que depáranlle intensas satisfaccións, e no que a mi refírese este intre e ocasión é unha delas. Porque si de sempre mantiven fonda e cordial amistade e compañerismo co novo Académico Ramón Carballal Pernas, consecuencia de unha sinceira admiración das suas extraordinarias cualidades humanas e de xurista, é de supoñer a satisfacción que me produce ser eu o desañado pra contestar, en nome da nosa Academia, ao espléndido e exemplar discurso de ingreso no seu seo que acabades de ouvir.

Alfonso X conseguió no seu inmorrente Código das Sete Partidas, con estilo comprimido, orixinal e exacto, que o Xuez debería ter unhas bondades, entre as que destacaba bon entendimento, apostura, sesudez, ser sofrido e moi leal, porque o Rei Sabio quería xueces bons, ao estimar, con indudábel acerto, que soio bons xueces o son, e merecen este nome, si denantes fixeron galas da bondade coma homes. Pouco importa a rixidez das leis, pouco preocupa a deficiencia dos Códigos si o órgao pra a sua aplicación destes e daquelas non actúa con senso e sabiduría, e por eso sempre estimei acertada a apreciación de que ainda sin leis formales nin Códigos tendría vida o Dereito, pero que iste deixaría de eisistir sin persoas que estivesen en condicións de aplicalo rectamente, e maiormente en canto que a Xusticia non ha de ser.

fría e legalista, senón impreñada dun senso outamente humán, e conseguintemente adornada de permañente bondade, ao trascender ésta do aspecto finalista da Lei.

Eisiste unha lenda moi arraigada nos espíritos, cal é a da rixidez eiscesiva dos Xueces, por entenderse que o contacto cotidian coas flaquezas humáns obriga, pra remedialas, a ser duros e infleísibles, e seguindo, tal erro, espón Marañón, no prólogo do seu libro «Amiel, un estudio sobre la timidez», que a Xusticia administrase fríamente, por obriga e por xenerosa tendencia, e que todo o seu mérito e pra quen a da i é soio mérito pasivo pra quen a merece.

O equivocado desa lenda e aprecións ven refrexado na persoalidade do novo Académico Ramón Carballal Pernas, cuio proceder profesional de ademanistrador da Xusticia, no que proiecta a sua forte persoalidade, pon de releve que a función xudicial, cando é exercida no seu verdadeiro i esacto alcance, amóstrase coma il o fai, con calor outamente humán, tratando por todos los meios xurídicos, esprimindo a concencia ao máis, o buscar a verdade e complacer cheamente o senso da Xusticia. E ista esencial virtude a compre Ramón Carballal, con prudencia que é a nai da forteza e que, a segün dixo Quevedo, na adversidade coñécese; con desin-trés ausoluto, pensando úneca i esclusivamente no ben dos seus semellantes, respondendo a unha concepción bíblica, e permañecendo sempre impasibel a toda emoción que non sexa a nidiamente encamiñada ao alcance da Xusticia; con despasioamento, derivado dun outo espirto emanante dunha fonda aitividade anímica, non tanto pra vencer, senón pra que non lle venzan, secuencia dunha intensa forteza, que Morejón, no seu discurso titulado «La Justicia», apreciaba consistente en apercibirse do valor e da templanza, porque chegarán días de tribulación a probar a concencia e a fe, e días chegarán tamén de confianza e seguridade onde corre iguales riesgos a Xusticia.

E esa forteza no xuzgar, equivalente a sano equilibrio, prudencia e tendencia estricta e rigorosa no acerto nas decisións a prodiga o noso novo Académico repelendo diñamente, as suas chufas, con modestia, en laboura xorda e calada, soportando os traballos e inclemencias do cumprimento do deber, aituando en tódolos interes dacordo cun rigor estricto de concencia, ese soberano director das nosas intimidades e testigo, sempre mudo, das nosas grandezas ou das nosas cobardías.

Todas isas cualidades concurren, en primeiro termo en Ramón Carballal Pernas, nado na Habana (Cuba) o día 5 de novembro de 1921, de onde viu a España a edade de cinco anos, e que ama entrañablemente á nosa querida rexión galega, respondendo á chama da do sangue dos seus proxenitores e antergos. Estudou o bachalerato na Cruña e Madrid e a carreira de Dereito en Madrid, obtendo a Licenciatura no ano de 1944. Ingresou na Carreira Xudicial, por oposición, no ano de 1947.

Desempeñou en propiedade os Xuzgados de Primeira Instancia e Instrucción de Fonsagrada, Chantada, Pola de Laviana, Betanzos e o Ferrol, e por prórroga de xurisdicción os de Becerreá, Sarria e Carballiño. En aitividade colexiada xudicial e destiñido á Audiencia Territorial da Cruña, sendo primeiramente asiñado á Sala Primeira do Civil e desempeñando o seu cometido na aitualidade na Sala do Contencioso-Ademínistrativo.

No exercicio da sua aitividade xudicial mostróuse Ramón Carballal proporcionando o maior esplendor á carreira xudicial á que pertenece, e na que está chamado a alcanzar os mais relevantes postos, en adecuado recoñecemento das suas extraordinarias e exemplares cualidades. Pero ademais soupo compaxinala cunha virtude que sempre considerei esencial na función de xuzgar, cal é o senso da sua sociabilidade.

Veuse estimando, no meu parescer equivocadamente, que o xuez e o maxistrado debían amostrarse en ríxido isolamento facendo un ser enteiramente desvencellado do ambiente que o rodea, por entender que de tal xeito lográbase unha maior creencia na rectitude e imparcialidade. Penso firmemente que quen ten ao seu cárrego a grandiosa diñidade de ademínistrar xusticia, levando sobor dos seus hombros a pesada e subrime carga da Toga, se non debe conducir con ese isolamento, toda vez que precisamente sendo a base fundamental das suas decisións, feitos orixinados de relacións sociais ten necesidade de coñecer éstas tal como se desenrolan e se amostran na vida real e non nas meramente especulativas.

O novo Académico tamén comparte esta idea por estimar, e no meu parescer con pleno acerto de que é a que mellores beneficios reporta á función de xuzgar, xa que o Xuez debe vivir en sociedade sen isolamento, anque esa convivencia social deba sempre amostrarse nun meio de verdadeira armonía xurídica, o que é igual, sen mais preferencias que o estricto sometemento á Lei

e á Conciencia, é en todo intre presidido por unha ouxetiva imparcialidade e serenidade de xuicio. O prestixio e a precisa e ineludible independencia xudicial non está en isolarse socialmente, senón nesa serenidade de xuicio e plena adicación ao estudo do caso a decidir, porque as concencias sanas, que son as que deben rexer os actos humáns, consideran a perfección de quenes administran xusticia non polo seu isolamento, senón pola sua aitividade funcional, que correitamente desempeñada fai que o mundo que lle rodea distinxase nidiamente antre a aitivididade social do Xuez e Maxistrado coma home que é, e o estricto desempeño da sua función, respetando ésta a acetando aquela.

Ramón Carballal compangando co seu cárrego de Maxistrado, desempeña o de Vicepresidente do Tribunal de Amparo da provincia da Cruña e o de Maxistrado sustituto da Comisión auxiliar do Padroazgo da Mutualidade de empregados de Notarías, igualmente da Cruña. Sempre disposto a cooperar en tódolo que siñifique adentrarse no maior coñecemento do Dereito e que éste outeña as suas mais outas cumes, intervén, e sempre con brilantez e eficacia, en aitividades adicadas ao estudo da problemática xurídica, e desta maneira, foi Presidente da Seición Carta sobor do Dereito penitenciario, no V Congreso Ibero-American e Filipino de Dereito Penal e Penitenciario celebrado na Cruña no ano 1969, actuou como Segredario da Comisión de Estudos do I Congreso de Dereito Galego, que tivo lugar nesta mesma cibdade en 1972, e componente na Seición Segunda «Paz Novoa» do mesmo Congreso. Tamén levó unha ponencia na Seición de Dereito Ademanistrativo das I Xornadas Xurídicas, celebradas na Cruña no mes de Santiago de 1975. Forma parte do Consello de Redaición da Revista «Foro Galego», que vive os anceios xurídicos da rexión galega, e da Revista Xurisprudencia Contencioso-Ademanistrativa, que recolle as sentencias das Audiencias Territoriais. E membro correspondente do Istituto de Dereito Procesal e do Istituto Español de Dereito Foral pola Seición de Galicia.

Os seus merecementos foron púbricamente recoñecidos, pola concesión no ano 1963 da Cruz Distinxida de Segunda Clase de San Raimundo de Peñafort, creada para recoñecer os méritos na Xusticia, e o nomeamento de Abogado de Honor do Ilustre Colexio Provincial de Abogados da Cruña.

A sua area investigadora proporciona a sua aportación en traballos que publicou, i entre os que son de destacar os seguintes:

- «Sobre el concepto del Derecho Civil».
- «Los procesos posesorios y el art. 41 de la Ley Hipotecaria».
- «Pasado y presente del Derecho Civil Especial de Galicia».
- «Los montes vecinales en mano común».
- «Ante a revisión do Dereito Civil Especial de Galicia».
- «Hacia un concepto unitario de la responsabilidad civil».
- «Límites de la responsabilidad patrimonial de la Administración».

Dirixéu o Libro que establecéu a Compilación do devandito I Congreso de Dereito Galego, e que supón unha monumental obra do Dereito rexional de Galicia.

Pronuncia varias conferencias sobre «Delincuencia xuvenil», «Régime patrimonial do matrimonio» e «Os dereitos da muller casada».

Intervíu en mesas redondas, en Pontevedra, Lugo e na Cruña, sobre dos montes veciñais en man común.

Pero ademáis de esa actividad xurídica, a inquietude espiritual de Ramón Carballal distírese ao campo cultural en xeneral e ao especial da poesía. No primeiro aspeito é Presidente de Honor do «Círculo Recreativo y Cultural de Chantada» e foi Vicepresidente da Sociedade «Candilejas», de Betanzos. Pronunciou conferencias sobre de temas varios, tais coma «La obra del Cardenal Cisneros», «La novela policíaca y el Derecho Penal», «El teatro de García Lorca», «La innovación instrumental en la música de Mozart», «La Gaudium et Spes y el aggiornamiento en la Iglesia», «La Iglesia como pueblo de Dios», «Dous poetas galegos da xeneración do 27: Amado Carballo e Manoel Antonio», e «La investigación histórica y su nueva metodología».

Fondo coñecedor de temas relixiosos pronunciou o Pregón da Semana Santa de Lugo e o da Semana Santa de Betanzos, os dous no ano de 1970. A o seu cárrego foi tamén o Pregón das Festas de Sada no ano de 1975.

A sua vea poética esterioriza toda a grandeza da sua alma e a sua sensibilidade. Os seus poemas foron publicados en Xornais e Revistas, algunha latinoamericana coma «Lar» de Buenos Aires. Foi colaborador na desaparecida Revista «Vida Gallega». Concedéuselle a Pror Natural nos Xogos Proráis da Vila de Oleiros de 1974, e Mención Honorífica nos Xogos Proráis de Pamplona no ano 1968. Son tradicionaes nas Festas do Nadal as paxoliñas con

que «Foro Galego» felicita a quenes sinten as inquedanzas xurídicas que recolle a devandita Revista.

Por todo elo non é de estranhar que o novo Académico adicase o seu Discurso, con cuia lectura deleitóunos, a o «Idéario político-social e penitenciario de don Ramón de La Sagra» porque eu vexo niste a unha persoalidade na que, noutros tempos, concurren as mesmas sanas inquedanzas de toda índole, e moi especialmente espirituais, que tamén son de apreciar en Ramón Carballal, xa que coinciden en que tódolo saber científico, e concretamente tódalas manifestacións sociaes e xurídicas, deben levar a que o tratamento de cada home veña a reconducilo e insertálo novamente na sociedade, tendo en conta a propia persoalidade, azado por un sentimento cristián que envolve de amor e caridade a resolución de tódolos problemas.

Denantes de adentrarse no tema do seu Discurso, fai Ramón Carballal un xusto e merecido eloxio do que foi noso cordial amigo e compañerio Evaristo Mouzo Vázquez a quen pasa a sustituir na Academia, e que foi un exemplo pra todos, xa que as suas extraordinarias dotes de xurista levárono a o cárrego de Maxistrado do Tribunal Supremo, tendo, ademáis, un outo senso do compañerismo e da amistade e un permañente amor a esta terra sua de Galicia. Para il a nosa mais emocionada adicación e entrañabel recordo, coa seguridade de que Ramón Carballal será un fidel continuador desas exemplares virtudes e ca medalla que lle foi imposta seguirá mantendo o mesmo brillo que lle proporcioou o tan querido antecesor.

O discurso que acabamos de ouvir chéanos de satisfacción, porque nel Ramón Carballal programa as exemplares cualidades e virtudes dun home que nado nesta cibdade da Cruña, a pesares de haber podido adaptarse a comodidade que lle proprecioaba a posición económica dos seus proxenitores, non tivo inconveniente de adicarse, con intensidade, ao estudo das matemáticas, medicina, física e química e cencias naturaes, de maneira moi especial á rama da botánica, e de percorrer países extranjeiros coma Cuba, Norteamérica, Francia, Suiza e Bélxica. E curioso que Ramón de La Sagra haxa tido os mesmos ancellos que animan a o noso Académico, xa que éste, coma aquíl, siente e vive, dentro do seu curazón, cheo de inquedanzas de toda índole e entre elas en primeiro termo as xurídicas, os problemas ca moral plantexa, e con ausoluta independencia, os que atinguen á función xudicial que

desempeña e proieita en manifestacións culturales e político-sociales e, singularmente de tipo relixioso, revelando, co seu ben facer, que o home na vida terreal, ha de proietarse cara os seus semellantes, coma resultado de que ainda que a ideia relixiosa é eterna, non por elo debe de deixar de producirse na orientación das mutacións co progreso supón; Ramón Carballal, coma Ramón de La Sagra pon no seu frontispicio do seu aituar na vida a ideia da sanción moral, que entende non é máis que a sanción relixiosa apricada aos homes e as sociedades, e que aprecia é a úneca que pode comprir a sua virtude e libertade. Neste seu parescer presenta as seguintes interrogantes. ¿Cal é a ideia da libertade? ¿Qué efectos produce nesta a ideia revolucionaria e a forza pra reprimirla? ¿Por qué as ideias non poden ser compremidas? ¿A qué débe-se que o progreso non poida ser paralizado? ¿De qué maneira influie o progreso na vitalidade dos pobos? ¿Cales son os meios pra búsquedas do orde e da libertade, coma base esencial pra tranquilidade social e o progreso? A todas estas interrogantes, e a outras moitas más que se conteñen no desenrollo do seu discurso, da resposta axeitada Ramón Carballal, de maneira principal no senso de establecer que sí pode ademetirse que o home avencéllase á cultura tradicional, mais ha de ser en relación actualizada co ambiente ou mundo ambiental que o arrodea, i en todo intre con tendencia aberta e universal e na búsquedas da solidaridade entre os homes, por entender que éstes soamente poden alcanzar os seus fins proietando os seus intereses cos dos seus semellantes, e decir, facer proprio o que atinge a os demáis.

O Dereito, por esencia, ten precisamente o seu fundamento e xustificación nese senso de solidaridade, xa que o seu fin é fundamentalmente o coordinar os alcontrados intereses dos individuos, que han de supeditarse sempre a o ben común do meio social en que aquíles desenvólvense. E os problemas que ese fin do Dereito supón, con toda a ampria gama de cuestións que xenera, é aos que adica o seu discurso o novo Académico, presentando unha grande problemática que camiña sempre acorde coa fronteira das innovacións, promovendo a acción tutelar do poder acompañándoa, ao igoal, co progreso material, coa libertade da persoa.

Enxuicia Ramón Carballal a Ramón de La Sagra entendendo que non era un progresista, senón un pensador político independente, que non quixo xunguirse nin avencellarse a ningún partido. Fai un detallado esamen das causas motivadoras de que sendo Ra-

món de La Sagra primeiramente radical na defensa do liberalismo, chegase logo a entrar no camiño do socialismo, que, en ideias aitua-
les, poidera apreciárselle, comprendido no marco das ideias dos
socialistas cristiáns.

Adícase no discurso que se contesta un amprio capíduo as
ideias penitenciarias nas que tamén penetrou Ramón de La Sagra,
e, con razoamiento fundado, espón Ramón Carballal que ainda que
foi un precursor de Concepción Arenal, considera que ésta viviu
máis rente da realidade práctica, namentres Ramón de La Sagra
foi máis teórico, anque tal criterio matízase coa singularidade de
que ese comportamento o falga armoizado cunha aitividade persoal,
realizando visitas a os centros carcelarios de Norteamérica,
Francia, Suiza e Bélgica, na búsqueda da solución á sua interroga-
nte, ¿onde alcóntrase o mal e onde o remedio? Do estudo feito no
brilante discurso, moi documentado, de Ramón Carballal, pódese
chegar á concrusión de que Ramón de La Sagra foi un correccionalista
con base moral que emana do cristianismo, e que, en realida-
de, non foi un penalista, senón un anovador moral que empregou
medidas e ideias que ainda poden ter vixencia e que poden resu-
mirse na apreciación de Montesinos de que «la penitenciaria sólo
recibe al hombre, el delito queda a la puerta», sendo a misión da-
quela, en canto non poida ser sustituido por outras medidas rein-
tegradoras do delincuente á sociedade, a de ter coma misión co-
rrexir a o home.

Pero Ramón Carballal calou ainda máis na persoalidade de
Ramón de La Sagra, e pon de releve como éste adicou os seus an-
ceios a outras custiúns xurídicas, tais coma no tema dos dereitos
hereditarios, aplicando criterios económicos a o establecer ideias
sobor da propiedade coleitiva, con renovacións e anovacións de cul-
tivos, pra facelos más racionais, seguindo os camiños da cencia;
dar orientacións da reforma dos trabucos e da previsión; e reve-
lándonos a home tan xenial coma un verdadeiro adiantado e pro-
feta, porque as suas ditas ideias poden levar a consideralo coma
un antecesor das aituales ideias promovidas polo Patrimonio Fo-
restal do Estado, o Istituto pra Conservación da Natureza, o Ser-
vicio de Estensión Agraria, e incruso de moitos dos problemas e
solucións a que chegouse no I Congreso de Dereito Galego.

Ramón Carballal, que seguiu a traieitoria humán, social, eco-
nómica e xurídica de Ramón de La Sagra, prodúcese no seu dis-
curso identificado plenamente coas ideias que a éste movera, de

respeto á xusticia, libertade, ben común, sociedade humán e solidaria, aberta ao espírito dos homes, sempre respetando a dignidade da persoa en tódolos senso e na que, sin utopías destérrese a discriminación, con prevalencia do espiritual sobre do material.

Por tan outas e sanas ideias, avaladas coa gran competencia, serea e crara intelixencia, nobre curazón e extraordinaria capacidade de traballo, coma as que aprécianse en Ramón Carballal Pernas, recibeo xubilosa no seu seo a Academia Galega de Xurisprudencia e Lexislación, e no seu nome dólle a máis afervoreada benvida ao novo compañeiro, coa expresión dos mesmos augurios de todos nosoutros e na seguridade de que a devandita Academia alcóntrese sumamente compracida por contar con tan valiosísimo membro pra o desenrollo das suas aitividades corporativas.

ÍNDICE

	PAG.
I.—DISCURSO.	5
LIMITAR	9
XUSTIFICACION DO TEMA ESCOLLEITO	11
A FIGURA HUMAN, O HOME	15
O PENSAMENTO POLITICO-SOCIAL	25
AS IDEIAS PENITENCIARIAS	49
O PROIETO DE LEI SOBOR DOS DEREITOS HEREDITARIOS. .	63
SEMELLA DAS OBRAS DE DON RAMON DE LA SAGRA	69
II.—CONTESTACION.	75